



SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO  
MESTRE DE XURISTAS



# A IRMANDADE XURÍDICA GALEGA



ste 21 de xuño do 2008 a Asociación de Funcionarios presenta publicamente, en Celanova, á Irmandade Xurídica Galega (I.X.U.G.A.) que quedará constituída por un fato de profesionais do Dereito, feito que celebramos, entroutras cousas, coa edición destes documentos xurídicos medievais da Terra de Celanova recollidos no libro “A vida e a fala dos devanceiros” de Ferro Couselo.

Como o fío principal que nos une aos hoxe convocados é o galego, non está de máis recordar que somos fillos dunha tradición porque a lingua galega é, desde o rexurdimento, o símbolo ou elemento central da personalidade colectiva do noso pobo.

A loita pola recuperación do galego perseguiu a dignificación, normalización e ampliación de usos sociais do galego: desde un uso literario -e orixinariamente poético ou folclórico-, pasando logo pola súa utilización na prensa, no

eido ensaístico, como lingua de tradución, nos actos académicos e políticos, ata chegármola a converter en lingua de produción científica, xurídica e administrativa.

Todo iso marca a evolución do galeguismo polas súas diversas fases nos últimos cento cincuenta anos, desde mediados do século XIX ata o de agora: o Rexurdimento, a fundación da Real Academia Galega, as Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos, a Xeración Nós e o Partido Galeguista, nunha primeira etapa; a Editorial Galaxia, a refundación dos partidos democráticos, a transición e o establecemento da Autonomía de Galicia ata hoxe.

É pertinente recordar aquí que no decurso dese longo percorrido, o primeiro mítin de carácter político en lingua galega foi pronunciado por Manuel Lugo Freire -dirixente de Solidaridad Gallega- en Betanzos o 6 de

outubro de 1907; que o primeiro discurso de ingreso en galego na Real Academia Galega foi o de Amador Montenegro en 1909; e que a primeira conferencia en galego na Universidade de Santiago de Compostela deuna o catedrático Lois Porteiro Garea en setembro de 1915 sobre “A transformación do Dereito civil pola Grande Guerra”. É a partir de 1923, coa creación do Seminario de Estudos Galegos, cando se utiliza a cotío o galego como lingua académica nos actos daquela entidade.

Ao par diso, os dirixentes das Irmandades da Fala e, en especial, Antón Vilar Ponte, comezan a matinar sobre a necesidade de superar o marco tradicional do uso do galego cinxido ao folclorismo ou á poesía de costumes; e a criticar as contradicións dos movementos rexionalista e agrarista ou da propia Real Academia Galega, que ao par de reivindicaren o galego seguían a utilizar o castelán como lingua de expresión.

Hoxe en día unha das marcas que definen a autonomía política de Galicia, como a do resto das nacionalidades históricas, é o recoñecemento da oficialidade da súa lingua. Non é casualidade que a regulación do uso das linguas no ordenamento xurídico estea emprazada nun lugar tan sobranceiro como os títulos preliminares da Constitución -e precisamente no artigo 3, a seguir dos que definen a forma política do Estado e a súa arquitectura territorial- e dos Estatutos de Autonomía.

O recoñecemento do valor cultural do idioma propio, da súa condición de sinal de identidade do pobo galego e a declaración de oficialidade conlevan que o Estado -en sentido amplo, incluíndo os órganos constitucionais, a Administración Xeral do Estado, a Comunidade Autónoma e as corporacións locais- recoñeza o galego como a súa lingua, como idioma de uso normal a nivel interno e externo no ámbito territorial da nosa Comunidade.

Pero a cuestión non remata aí: o Estado no seu conxunto tamén asume a obrigaón legal de promocionar o uso do galego. Este é un principio básico do proceso de normalización lingüística e tradúcese nunha forma de actuar que ten unha dobre fasquía: por unha banda, as Administracións non deben discriminar aos cidadáns por mor da lingua oficial que estes usen pero, por outro lado, deben potenciar o uso da lingua galega e aplicar políticas activas dirixidas a acadar ese obxectivo.

Esas son as ideas que subxacen no réxime xurídico do plurilingüismo vixente no noso país -desde os estatutos de autonomía, as leis de normalización lingüística, ata a normativa reguladora da función pública-.

Pero ademais, a Unión Europea converteu o plurilingüismo nunha das súas opcións políticas definidoras: como dí nun dos seus documentos oficiais

“A UE está convencida de que o uso das linguas dos seus cidadáns é un dos factores da súa transparencia, lexitimidade e eficacia... A Unión Europea é consciente da importancia da política lingüística e nomeou a un dos seus máis eminentes representantes para que defenda esta causa ao máis alto nivel... A Unión Europea baséase no principio de ‘unidade na diversidade’: diversidade de culturas, de costumes, de crenzas e de linguas... O respecto á diversidade lingüística xunto co respecto á persoa humana, a apertura a outras culturas, a tolerancia e a aceptación dos demais, é un dos valores básicos da Unión...”.

Esa declaración parte do entendemento de que as intervencións no eido das linguas son un tipo de políticas públicas perfectamente lexítimas e que esas políticas públicas son estritamente necesarias porque non hai un “mercado” que garanta a regulamentación da diversidade e, en concreto, da diversidade lingüística.



Desde esa perspectiva, os que promovemos a Irmandade Xurídica Galega, recoñecemos o liderado do goberno galego como a institución legal e politicamente lexitimada para dirixir e dinamizar as accións en defensa do uso social da nosa lingua. A aprobación no Parlamento de Galicia, hai pouco máis de dous anos, do Plan Xeral de Normalización Lingüística é unha decisión básica que apunta no camiño correcto.

Pero a sociedade civil tamén ten moito que dicir neste eido e nós porfiamos ao longo dos últimos tempos entre os funcionarios e funcionarias, os concellos, as asociacións, as empresas, os sindicatos, as organizacións profesionais, os medios de comunicación e as universidades de cara a defender a identidade nacional de Galicia e a normalización dun dos seus signos máis recoñecidos, como é a lingua galega.

As políticas lingüísticas que defendemos baséanse na idea de que a vitalidade dun idioma require tres condicións: primeira, a capacidade das persoas para usalo; segunda, as oportunidades sociais que teñen as persoas para utilizalo; e, en terceiro lugar, o desexo dos falantes de empregaren efectivamente esa lingua.

E para incidir favorablemente nesas condicións as actuacións céntranse fundamentalmente nos sectores da educación, dos medios de comunicación, das Administracións públicas e do mundo cultural e económico.

No tocante á primeira das condicións anteditas, soamente nos cómpre dicir que dispomos dun réxime xurídico que, no esencial, garante adecuadamente o uso do galego. Pero dito o anterior, nun momento histórico en que estamos a falar dun novo Estatuto de Autonomía de Galicia, defendemos que se teñan

en conta as propostas dirixidas a poñer de relevo a lingua como elemento vertebrador e estruturante do país e as consecuencias que se derivan lxicamente da declaración de oficialidade. Entre elas, o deber de coñecer o galego, a presenza da nosa lingua nas institucións da Unión Europea e a súa difusión exterior; a regulación clara e completa dos dereitos lingüísticos perante as Administracións públicas e as institución estatais, incluídos os órganos constitucionais do Estado; a atención singular ás relacións dos cidadáns coa Administración de Xustiza, o notariado e os rexistros públicos e que estes poidan funcionar en galego sen atrancos nin demoras; a previsión de que a Administración Xeral do Estado adopte as medidas necesarias para que o persoal ao seu servizo, en Galicia, posúa un coñecemento das linguas oficiais suficiente e axeitado ás tarefas propias do seu posto de traballo, e a norma que recolla os dereitos lingüísticos das persoas na súa

condición de consumidores e usuarios de produtos e servizos, especialmente daqueles que teñan carácter de esenciais para a vida cotiá.

En canto á segunda das condicións para a vitalidade da lingua -as oportunidades sociais que teñen as persoas para usala- é onde se centrou a nosa actividade.

Ao longo dos anos e no medio dun continuo debate interno, quixemos contribuír de forma leal e transparente a creación dun clima social favorable ao galego e a eliminación de atrancos -obxectivos ou prexudiciais- por medio do establecemento de vínculos e conexións con colectivos, institucións e axentes socioculturais para que se incorporaran á defensa da cultura e da lingua de Galicia: os grupos parlamentarios, os traballadores e traballadoras das Administracións locais e autonómica, as autoridades, traballadores e profesionais do

mundo da xustiza, os sectores empresariais, os sindicatos, etc.

Lembremos que algúns de nós, como membros da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, colaboramos cos gobernos municipais na galeguización progresiva da administración local. Foron fitos dese labor o “Manifiesto dos Alcaldes de 1984” -que xuntou a duascenas autoridades locais de Galicia-, a constitución de gabinetes de normalización lingüística nos concellos, a galeguización da vida administrativa e a realización de campañas e actividades de formación para o extenso corpo de servidores públicos adscritos a este nivel da Administración.

Na mesma liña, realizamos múltiples actividades de colaboración e de asesoramento ao Parlamento de Galicia a través dos portavoces parlamentarios nos ámbitos referidos á

defensa, promoción e uso da lingua galega, que contribuíron a realidades como a edición en lingua galega do Diario Oficial de Galicia, do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e unha edición resumida, de periodicidade mensual, do Boletín Oficial do Estado nas tres linguas cooficiais do Estado. Axudamos a dinamizar o debate parlamentario, nas sucesivas lexislaturas, fornecendo preguntas e proposicións -máis dun cento de iniciativas que se reflicten nos boletíns do Parlamento de Galicia e noutros documentos oficiais-, que xeraron unha innovadora dinámica de achegas e de contraste de pareceres entre unha entidade cívica como é a nosa e a máxima institución de representación popular.

Con todos eses procesos de colaboración e, en moitos casos, de aguilloamento dos poderes públicos, a lingua galega foi recuperando ámbitos dos que tradicionalmente estaba arredada: grazas á Lei de Normaliza-

ción Lingüística de Galicia e á Lei de Uso do Galego nas Corporacións locais, á creación de publicacións administrativas e doutras propostas asumidas e desenvolvidas por distintos gobernos municipais, fóronse acadando cotas de presenza do uso da lingua galega no procedemento administrativo. E, desde a primeiría, unha representación ampla desta Asociación de Funcionarios participou nas distintas comisións sectoriais do Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 22 de setembro de 2004.

Sostivemos que unha xustiza democrática no noso país esixía unha progresiva incorporación da lingua galega ao quefacer cotiá dos tribunais. ¡Queda moito por facer! pero sentímonos especialmente satisfeitos coa extensión e intensificación do uso da nosa lingua neste eido. Publicacións como “Palabras de Lei. Galeguizar Galicia”, documentación pro-

cesual de xulgados e tribunais, campañas de difusión dos dereitos lingüísticos da cidadanía, xornadas e seminarios dirixidas a profesionais do dereito, encontros con colectivos da avogacía, o notariado, maxistrados, fiscais, procuradores e secretarios xudiciais, colaboración na creación dos gabinetes de tradución nas catro Audiencias provinciais e no propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dan a medida do noso esforzo.

Son moitas as bibliotecas do país que contan nos seus fondos cunha innovadora iniciativa literaria, “Contos da Xustiza”, resultado do encontro entre escritores profesionais e xuíces, fiscais e avogados que recrean, cada un desde a súa peculiar visión, o mundo da xustiza. Deixamos tamén constancia neste ámbito do noso traballo, da edición en lingua galega dos códigos civil e penal e doutros textos legais, como resultado dun acordo de colaboración co Centro de Investigacións



Ramón Piñeiro, así como do primeiro formulario notarial.

A nosa actuación tamén se estendeu no pasado á promoción do uso do galego entre os funcionarios e axentes dos corpos e forzas de seguridade por medio de campañas de difusión dos dereitos lingüísticos dos cidadáns, a edición en galego de protocolos da Policía Científica e do libro “Palabra por palabra. Contos da Policía”.

Neste marco é no que agora presentamos este proxecto da Irmandade Xurídica Galega (I.X.U.G.A.). Pensamos que o galego non é plenamente idioma oficial do noso país se unha parte tan substancial e nuclear do Estado e das Administracións públicas como son os xulgados e tribunais, ou da realidade social como son as relacións xurídicas non a incorporan como lingua propia nos seus usos oral e escrito.

Pero entendemos que ese obxectivo é dobremente desexable por outras dúas razóns: a primeira, porque os xuristas personifican, en boa medida, a autoridade do Estado e, en segundo lugar, teñen unha función social moi relevante, polo que é imprescindible que unan o prestixio da súa función coa utilización da lingua do país e maioritariamente falada polos cidadáns.

Con todo iso o que queremos é incidir na terceira das condicións da vitalidade da lingua: o desexo dos cidadáns de empregala. Os servidores e axentes públicos, os profesionais da xustiza temos unha especial responsabilidade para crear o clima e o ambiente favorable para que as persoas poidan utilizar con naturalidade e sen atrancos a lingua propia especialmente naquelas relacións sociais, administrativas e xurídicas en que están implicados os organismos e aparellos do Estado e as Administracións públicas.

En resumo, defendemos conscientemente o galego como lingua de traballo das Administracións públicas, do dereito e da xustiza: pódese dicir, por iso, que a nosa posición é, nese sentido, ideolóxica; pero non é, de xeito ningún, partidaria. Nese sentido somos transversalistas: desde calquera dos tres grandes partidos políticos do noso país se debe manter o pacto social polo galego que se materializou no Estatuto de Autonomía de 1981, na Lei de Normalización Lingüística de 1983 e no Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado polo Parlamento Galego no 2004.

Reivindicamos a xuristas como Sebastián Martínez-Risco, maxistrado e presidente da Real Academia Galega; a don Pedro González López, avogado e durante moitos anos decano do colexio de avogados de Vigo; a Roberto González Pastoriza, avogado exercente en Vigo durante moitos anos, deica o seu falecemento, especialista en dereito mercantil; a

Valentín Paz Andrade, avogado de prestixio, experto en temas pesqueiros; Lois Peña Novo, avogado e secretario de administración local; Lois Porteiro Garea, xurista e profesor da facultade de Dereito deica o seu falecemento na década dos anos trinta; Arturo Noguerol Buján, avogado e pensador; Daniel García Ramos, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e impulsor do uso da lingua galega na Administración de Xustiza, etc...

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios

MARTÍNEZ-RISCO, HOME DA NOSA TERRA  
XOSÉ L. FRANCO GRANDE



iven a sorte e o privilexio de ser pasante –cateducúmeno, como el prefería dicir- no bufete de Sebastián Martínez-Risco e Macías, en 1960 e 1961 (e non sei xa se tamén durante os primeiros meses de 1962). Ou sexa, que estaba eu no escritorio de Martínez-Risco cando foi designado Presidente da Real Academia Galega. Lembro moi ben a grande homenaxe que se lle tributou no Hotel Finisterre, e teño aínda moi presentes os discursos de Méndez Gil-Brandón, Decano do Colexio de Avogados, de Francisco F. Del Riego, a quen as colonias galegas de América concederan a súa representación para intervir no acto, e do propio Martínez-Risco: moitos dos asistentes (que eran moitos, chegados de todos os puntos de Galicia, como se presentisen que algo importante podía empezar a acontecer nesta casa) tiveron coñecemento, pola lembranza que del fixo Martínez-Risco, do científico Manuel Martínez Risco e Macías, o óptico profesor da Sorbona, orgullo da familia

Martínez-Risco e, como non, da nosa Terra. Eu percibín a sorpresa en moitos dos asistentes –e os asistentes non era xente neutra, senón concienzada, ou cando menos, predisposta-, pola noticia que D. Sebastián deu naquel acto do seu irmán. A maioría dos alí presentes non sabía de quen falaba. Unha vez máis comprobaba que un país sen memoria histórica será sempre vítima dunha eiva ou servo dun tanga-raño, escorado nun caso e mirrado noutro.

Quero deixar constancia, porque o sinto como un deber, que aqueles dous anos á beira de D. Sebastián foron dos máis felices da miña vida. Foron os meus anos coruñeses en que outras experiencias completaban, anovaban e asentaban as dos cinco anos pasados en Santiago: foron os anos da miña amizade con outro home que sería máis adiante membro da Academia tamén desaparecido, Marino Dónega, cos demais compañeiros do bufete, os da miña amizade con Silvio Santia-

go -desconcertante e xenial, simpático e ás veces trincón, introvertido pola tarde e extravertido á mañá-, anos que sei moi ben foron decisivos na miña vida, tanto para a miña profesión, como para a miña devoción de militante pola causa do meu país. E con Pérez-Barreiro e con Teresa Barro, antes de que se fosen para Londres, con Manolo Caamaño e outros máis.

Débolle moito a moitas persoas. Entre elas está D. Sebastián: así é como lle chamabamos todos no despacho, e así quero seguir facéndoo agora, porque para min sigue tan presente hoxe como naqueles anos 1960 e 1961 en que descubría á súa beira que aquelas cousas raras que tivera que estudar uns anos antes, tiñan sentido e aínda emoción só con sabelas tratar: por primeira vez me atopaba, no mundo do dereito, con alguén que era de certo un mestre, isto é, alguén que poñía diante de min un mapa para poder camiñar sen perderme. E



iso foi o que me deu Martínez-Risco nos dous anos de convivencia naquel despacho da Praza de Galicia, onde hoxe o continúa o seu fillo e tamén amigo, Sebastián Martínez-Risco e Alonso. Iso, e tamén algo máis: a súa amizade, a súa cordialidade, a súa simpatía, a súa elegancia espiritual, a súa xenerosa acollida.

## ○ AVOGADO E O XURISTA

Martínez-Risco chegou á avogacía dende a maxistratura. Dónega contoume que tomou esa decisión porque a súa paga de maxistrado esgotábaselle o 23 de cada mes. O éxito foi inmediato, e axiña tivo un moi bo bufete, non tardando en ser un dos mellores e máis respectados, non só da cidade herculina senón de toda Galicia. Podo dicir, polo tempo que alí botei, que se nutría de asuntos que proviñan da maioría dos xulgados de Galicia. Por moitos destes xulgados pasara como xuíz, e os

profesionais sabían ben da súa competencia, da súa rigorosidade e do seu coñecemento do dereito. E alí chegaban os preitos de Vilalba ou de Ourense, ou de Chantada en apelación para ante a entón Audiencia Territorial, ou de calquera outros partidos xudiciais, sen esquecer os grandes asuntos de sociedades mercantís, que chegaban de Vigo.

Sempre quixo que o acompañase ás vistas dos recursos de apelación porque pensaba, con razón, que era unha maneira máis de que, como aprendiz que eu era, me fose afacendo á exposición dos casos diante dos tribunais, a ter unha idea do cómo alegar, a familiarizarme con algo que por entón estaba moi lonxe de posuír: o dereito vivo, o dereito actuando na vida real, a xustiza en acción.

Deses xulgados de Primeira Instancia chegaban preitos moi importantes -eu lembro os de montes, algúns de impugnación de acor-

dos de sociedades anónimas, que chegaban sempre de Vigo, de herdanzas con moitas accións mesturadas...-, e chegaban alí ás veces como último recurso do avogado de instancia, que confiaba na extraordinaria competencia como avogado de Martínez-Risco para obter unha sentenza favorable.

Facía un grande esforzo por procurar para o cliente a mellor resolución posible: as súas intervencións non baixaban nunca dunha hora, e ás veces bastante máis. Por moi pequeno que fose o asunto (que case nunca o era, porque eses, que tamén os había, levábanos Dónega ou Cabo) a análise da proba que facía podía ser tan exhaustiva que sorprendía aos avogados de primeira instancia, se por casualidade asistían á vista; e se o asunto era cuestión só de dereito, brillaba como auténtico xurisconsulto que era na análise de antecedentes xurisprudenciais, doutriniais ou tamén históricos. E se era o cliente o que asistía á

vista, máis dunha vez oín dicirlles que, despois do esforzo que viñan de presenciar na vista, non lles importaba perder o asunto: era unha maneira nobre de recoñecer que o traballo feito non podía ser superado.

Era tan grande o seu rigor que, se por calquera causa tiña que defender un caso “pequeno”, non dubidaba en dedicarlle a mesma atención e parello esforzo ao que consagraba a calquera dos máis importantes, que eran moitos, que por aquel bufete pasaban. En certa ocasión, o seu primo Vicente Risco, recomendáralle un asunto dos que poderíamos chamar de ínfima contía: tratábase dunha pobre muller que vivía da venda de castañas asadas na rúa e á que resolvían o seu contrato de alugueiro, co que, naturalmente, a súa vida se convertía nunha miseria. Tratábase de ver de revogar a sentenza de instancia, que dera lugar á resolución do contrato. O día da vista a Sala estaba un pouco abraizada polo intere-

se, polo calor e polas complexas alegacións de tan importante avogado sobre asunto tan pequeno. Foi o seu un informe moi longo, dunha solidez xurídica que semellaba incontestable, unha densa peza de eficaz oratoria forense, como todos os seus informes diante dos tribunais. E grande foi tamén o seu contento cando se deu a coñecer a sentenza que acollía a súa tese, que revogaba a de Ourense e que devolvía a tranquilidade á existencia da demandante. Lembro que lla comunicou persoalmente a Vicente Risco coa mesma satisfacción, ou máis, que a que lle podería ter causado outro asunto de máis rendemento.

Tiña moi poucos pasantes. Ademais de Dónega e Cabo, que na miña época podían ter a consideración de “asociados” e non, por suposto, a de pasantes, só dous eramos os “catedúmenos”, pois, aparte da falta de espacio para ubicar a máis, el facía un seguimento da nosa formación, totalmente episódico, cando

lle petaba. Era imposible, para quen tanto traballo tiña, proceder desa maneira con máis de dous aspirantes a avogados.

Pero Martínez-Risco, ademais de extraordinario avogado e de bo xurista, foi un verdadeiro xurisconsulto. Grandes compañías, e tamén outras non tan grandes, avogados e institucións, acudían a el para coñecer o seu criterio en asuntos de moita importancia ou de especial interese. Lembro que nos anos da miña estadía no seu bufete máis dun compañeiro, avogados de moito prestixio, antes de poñer unha demanda sometían o caso ao seu criterio. En certa ocasión, en que un compañeiro moi coñecido lle solicitou un dictame antes de mandar a demanda ao xulgado, Dónega (que era o único que podía ter este atrevemento con el) suxeríulle de moi boas maneiras que lle parecía moi elevada a minuta que lle pasaba, pois entendía que por un dictame non se podía cobrar tanto. Despois de calar uns mi-

nutos, dixo: “Estou canso de ver nos xulgados demandas nas que se copian ao pe da letra dictames meus; e supoño que eses avogados cobran moito máis, e meten na súa minuta o meu traballo, que fixen eu e non eles”. E Dónega viuse obrigado a calar. Os seus dictames eran moi fundados, cheos de saber xurídico, dunha claridade pouco común. No meu tempo de pasante seu, os dictames estaban cosidos ou encadernados en varios volumes, e chamaba a atención a diversidade de cuestións que se lle sometían a consulta e a claridade con que expoñía sempre os antecedentes de feito para despois ter moi claros os fundamentos xurídicos a aplicar, que viñan de seu.

Soubo ademais procurar tempo para, como estudioso do dereito galego, deixarnos algúns traballos do máximo interese, e non foron poucas as conferencias que deu sobre esa materia, en Galicia e en América: *Lagunas institucionales en la Compilación y el Dere-*

cho civil especial de Galicia; O sentimento da xustiza na literatura galega, As institucións xurídicas e a vida económica e social de Galicia, Significación social dalgunhas institucións non acollidas na vixente Compilación do Dereito Civil de Galicia, El régimen jurídico de la propiedad intelectual en Galicia a través de sus instituciones forales, Jurisconsultos gallegos: Juan Manuel Paz Novoa, Louvanza e denosto da abogacía ou Las ideas jurídicas del Padre Feijóo

## ○ INTELLECTUAL

Dende moi novo, e sen dúbida porque se criou nun ambiente propicio á cultura, Martínez-Risco tiña unha moi sólida formación intelectual. Era sobriño de D. Marcelo Macías e curmán, como xa dixemos, de Vicente Risco. Medrou entre homes de cultura e nun ambiente cultural moi escolleito –o do Ourense



dos homes da Xeración Nós-. No ano 1924 ingresou na carreira xudicial, e estivo excedente como maxistrado durante vintecinco anos -os que dedicou á avogacía-, retornando á maxistratura para coller a xubilación.

A súa vocación literaria está presente en obras como a novela *La tanza negra*, nos poemas de *Trébol Poético*. *Recuerdo de Compostela* ou *Nadaliñas*. Sinalemos tamén os poemas *O boneco*, *Os apestados* e *Canteiros*, premiados nun concurso literario. Sen esquecer outros traballos como *Raiz galega* da obra de Valle Inclán, *O xenio lírico de Cabanillas* e *a terra cambadesa*, *Presencia da lingua galega*, *Santiago de Compostela*, *cuna del milagro* ou *Concepción Arenal* o *la ética del sentimiento*.

Colaborou en diversas publicacións galegas e de fóra de Galicia, no *Galiciam Programa* da BBC de Londres, na revista portuguesa *Qua-*

tro Ventos, e outras. Foi membro do consello de administración da editorial “Galaxia”, e recibiu diversas distincións.

## O PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA

Pero naquel despacho vin tamén o lumbrigar dunha nova Real Academia Galega, o seu anovamento, o inicio dunha nova andaina, a queima purificadora daqueles anos que forzaron a outro gran Presidente, Manuel Casás, a un delicado xogo de contrapesos para evitar que a Academia fose clausurada nos anos seguintes a 1936. As cousas hai que velas con perspectiva histórica. Non podemos tomar a aparencia por realidade. E a realidade é que D. Manuel Casás foi introducindo na Academia xentes non sospeitosas para o réxime, ás veces incluso xentes que, cos ollos de hoxe –e sen a debida perspectiva- poderíamos ter por

inimigos de Galicia. Pero o feito importante, a realidade que hai que valorar, atendidas as circunstancias dos tempos, é que conseguiu mante-la nosa Academia e que non fose clausurada. Para min, esta virtude escurece e perdóa aqueles máis que dubidosos pecados.

A Martínez-Risco correspondeulle a tarefa de poñer-la Academia ó día . Tempos novas maneiras novas. Aquela etapa de D. Manuel Casás, despois de tantos anos, os que van de 1936 a 1960, incluídos os que foi Presidente interino, quedaba superada. E D. Sebastián soubo interpretar e executar as encomendas que se lle fixeran, comprometéndose de cheo, pero sen boureos nin fachenda –a súa seriedade impedíalle traballar para a galería- coa misión que lle foi encomendada, e sen présa nin vagar puxo o seu talento, o seu prestixio –que era moito en toda Galicia- e a súa capacidade de traballo ó servizo da Real Academia Galega. Reparemos senón nestes

feitos que todos debemos ter presentes na nosa memoria.

1. O cambio da Academia. É certo que o cambio da Academia xa se tiña iniciado antes de ocupar D. Sebastián a Presidencia. Carballo Calero, García Sabell e Francisco F. del Riego, xa eran académicos antes de ser Martínez-Risco Presidente. Concretamente, o último foi nomeado académico de número o mesmo día que D. Sebastián accedeu á presidencia da Academia. A teima modernizadora da Academia Galega foi idea que Fernández del Riego e Ramón Piñeiro puxeron en práctica; cometido que un e outro, e de moi distinta maneira, executaron con especial acerto. Cometido ó que Martínez-Risco se sumou sempre en cada caso, tratando de facilitar esta iniciativa e facendo cando puido por apoiala sempre. Cónstame que así foi polo permanente contacto que mantivo con Piñeiro no tempo do meu paso polo seu

despacho, ó que este en tantas ocasións acudiu. E, tamén, porque coñecía polo miúdo as xestións de Piñeiro e del Riego, ás veces moi traballosas, para convencer a uns e a outros, para conseguir votos, para sacar adiante algunha candidatura. Por razón de idade, e por privilexio de proximidade a eses tres homes, sei moi ben o que custou poñer en orde esta Institución, tirala da escuridade daqueles anos e da incuria e rudo encono duns tempos que empezaban a anunciar outros mellores. Conservemos ese herdo, aceptemos ese legado que recibimos e, sobre todo, mellorémolo, lonxe de toda frivolidade, debilidade e oportunismos, lonxe sempre de calquera covardía moral, para podelo entregar con orgullo ós que nos sigan no tempo.

E baixo a súa presidencia seguiron incorporándose á Academia os mellores homes que traballaban por Galicia: Cunqueiro, Fole, Dieste, Piñeiro, Blanco Amor, Isidoro Millán,

se ben este renunciou despois por razóns persoais, Martínez López, Marino Dónega, Paz Andrade, Xaime Isla, Eduardo Moreiras, Fernández Albalat, ata un total de vinteseis, incluídos os ingresados con posterioridade pero que foron propostos baixo a súa presidencia. Aínda habería que engadir á lista os once académicos correspondentes elixidos no mesmo espazo temporal, entre os que figuran Méndez Ferrín, Viñas Cortegoso ou Emilio González López. Pódese afirmar, pois, que os anos escuros da Academia foran superados e que estaba xa en condicións de acomete-lo porvir con outra mentalidade.

2. O edificio da Academia. Toda a vida de Martínez-Risco como académico está marcada pola adquisición e posta a punto do edificio en que hoxe está instalada a Real Academia Galega. Toda a súa vida de académico numerario e toda a súa vida como presidente. Como numerario, Martínez-Risco

forma parte da comisión académica que, en 1956 e designada polo presidente D. Manuel Casas Fernández, asiste en Madrid ó acto de doazón polas herdeiras finais de D<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán, dos bens que, tendo pertencido en vida a ela, deben integra-lo patrimonio da Fundación que leva o seu nome e que hoxe está aberta ó público e ós estudosos no primeiro andar da casa nº 11 da rúa Tabernas. E, xa sendo presidente, D. Sebastián ocupará moito do seu tempo en que os bens doados á Academia sirvan ós seus fins, como poñen de manifesto diversas actas notariais e outros documentos que figuran nos arquivos da Academia, nos que se fan constar diversas relacións de obxectos que, tendo pertencido á Condesa de Pardo Bazán, constitúen agora parte do seu Museo, ou, ó cabo, documentación que se refire ás súas xestións, como presidente da Academia e como presidente do Patronato do Museo Pardo Bazán, para que, de maneira provisoria, sexan instalados

ou gardados eses bens en dependencias da casa do Concello coruñés. Baixo a súa presidencia, finalmente, acometéronse as obras de acondicionamento da casa nº 11 da rúa de Tabernas, onde, dende 1979, xa se instalou definitivamente a Real Academia Galega e, máis adiante, o Museo Emilia Pardo Bazán. Pero D. Sebastián faleceu en 1977, dous anos antes de ver rematada a que, podemos dicir, foi a obra maior da súa presidencia.

Xusto como consecuencia destas eficaces xestións de D. Sebastián deixou a Academia de estar nunha situación de precario no tocante á súa sede. Algo de suma transcendencia se se pensa na gran cantidade e importancia do material bibliográfico e documental que nela se garda, na necesidade de contar con instalacións propias e adecuadas para investigadores, na indispensable autonomía, ó cabo, que precisa para o desenvolvemento e cumprimento do seu obxecto.



3. Outras iniciativas. Se ben a iniciativa foi de Paco del Riego, baixo a Presidencia de Martínez-Risco foi instituído o Día das Letras Galegas; pero hai que salientalo seu apoio para a prosperabilidade da proposta, a que non foi vista con ningún entusiasmo por moi significados académicos e galeguistas moi egrexios. Parecíalles algo de escasa entidade cultural. E non souberon ve-la capacidade que a proposta tiña para remexe-la conciencia galega da xente. Como de costume, Martínez-Risco non dubidou en apoiar a proposta, en solidarizarse con ela e poñela en funcionamento. Non cabía a menor dúbida: a súa elección fora un acerto.

O que moi poucos saben (desaparecido Ramón Piñeiro, penso que son eu o único que o sabe) é que a idea máis cara a D. Sebastián era a publicación da Gramática Galega da Academia. Pensaba que esa ía ser a grande aportación da súa Presidencia. E tiña tanta ilusión en

que esta idea se fixese realidade que un día quixo concertar con Piñeiro a maneira de que a súa idea saíse adiante. Pero Piñeiro, home realista e con grandes coñecementos do caso, con moito vagar foille suxerindo que esa idea, polo de agora, era impracticable e que conviña (e saíu o verbo que Piñeiro tanto conxugou na súa vida) que conviña agardar: unha gramática moderna, ó seu xuízo, na Galicia daquel momento (1960 ou 1961), non había ninguén que a puidese facer, que se trataba de traballo que tiña que agardar e que, en calquera caso, non estaba en condicións a Academia para asumir naquel momento a paternidade dunha gramática, da súa Gramática. D. Sebastián quedou visiblemente amolado por esta contrariedade, pero aínda así propuxo que ó mellor podía facerse unha gramática que fose unha sorte de posta ó día da de Saco e Arce. Piñeiro reiterou os argumentos ditos e engadiu aínda que unha gramática galega moderna tiña que ser outra cousa: outros tiñan que

se-los criterios e, ó mellor, nin sequera podía ser obra individual senón máis ben colectiva. Unha gramática podía facela el, ou Carballo Calero -díxolle-, pero esa non era a gramática que tiña que face-la Academia. Percibín a súa contrariedade naquel ricto seu, que acostumaba debuxárselle nas vistas, ou cando algo non lle parecía ben ou estaba en tensión. Pero, penso, comprendeu moi ben a tese de Ramón Piñeiro, por máis que quedou insatisfeito ó ter que deixar a unha beira o que sen dúbida era unha ilusión da súa vida.

Cómpre dicir tamén que baixo a Presidencia de Martínez-Risco, dentro do anovamento da Academia Galega, comezou a incorporación de xente nova (ou polo menos, nova en comparación coa maioría dos académicos, que sumaban entre todos tantos séculos coma a nosa era): Beiras, Casares, eu mesmo, e non sei se algún máis. Incidencias que eu vivín día a día, pois Piñeiro contábame polo miúdo

as súas múltiples xestións para que as candidaturas saíran adiante –e que, nalgunhas ocasións, esixíronlle moitas horas de dedicación, moitas viaxes e non poucos desgustos. E sempre o agravamento da súa úlcera de duodeno.

Por outra banda, D. Sebastián, que sempre contou tamén co apoio de Marino Dónega, foi peza fundamental para a conquista dos votos dos académicos coruñeses, os máis antigaleguistas, e, por iso mesmo, máis difíciles de acadar. Piñeiro, que coñecía moi ben ese feito e, asemade, que o prestixio de Martínez-Risco pesaría moito sobre eses académicos, logrou, en votacións de moi estreita marxe, que os galeguistas fosen entrando na Academia, moi a modo nos primeiros tempos (por exemplo, Del Riego saíra por un só voto fronte a Leal Insua) e logo máis folgadamente. Ó cabo, D. Sebastián prestoulle un gran servizo á cultura galega. Foi un acerto o seu nomeamento

como Presidente. Pode que sen a súa autoridade moral non fose posible o cambio que se pretendía. Sen a súa autoridade e sen a súa permeabilidade, pois era home que escoitaba –por algo fora maxistrado- e se era Piñeiro o que lle falaba, ou lle facía suxestións, non só escoitaba senón que recollía, interiorizaba e asumía as ideas de Piñeiro.

Penso que só unha vez non lle fixo caso. Foi con ocasión da designación dos académicos que debían integra-lo xurado que ía conceder-lle o premio Galicia, e que tanto partidismo espertou, pois as candidaturas que estaban na mente de todos eran Otero Pedrayo e Vicente Risco: o primeiro era a personificación da cultura galega e o segundo o renegado que moitos quixeran ver triunfador, xusto contra Otero Pedrayo. E o caso foi que D. Sebastián elixiu os dous académicos pensándoo moito e decidindo que cada un deles debía ser representante de cada unha das tendencias. “Para

que se neutralicen”-díxome. Unha solución moi ecléctica, pero moi de D. Sebastián, que era home de concordia e non de botar leña ao lume. Cando llo contei a Piñeiro, dixo con verdadeira carraxe e moi alporizado: “Xa se esqueceu de que non o fixeron Presidente os amigos de Risco senón os de Otero Pedrayo”. Seguro que aquel día a súa úlcera tiroulle, coma el dicía.

Non hai que esquecer, porque non sería xusto, que D. Sebastián no só era curmán de Vicente Risco, senón que mantiña con el unha moi estreita amizade. Lembremos o que máis enriba dixemos do preito que lle foi confiado polo polígrafo ourensán.

Penso que a anécdota da designación do membro da RAG que formaría parte do xurado é reveladora. O seu eclecticismo estaba moi lonxe da deslealdade. Iso era algo que non ía con el.

Teño moi claro que así como en Santiago tiñamos como referentes a Piñeiro, García-Sabell e Borobó, en A Coruña o equivalente era Martínez-Risco -como en Vigo o foron Xaime Isla e Fernández del Riego. Como tamén teño claro que sen estes homes Galicia tería sido máis pequena, menos rica e máis provinciana. Hora vai sendo de que nos vaíamos decatando desa realidade.

SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO, O XURISTA  
XOSÉ L. RODRIGUEZ PARDO



# O XURISTA DON SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO

## INTRODUCCIÓN



enantes de poñerme a desenvolver esta pequena aproximación do xurista máximo que foi Don Sebastián Martínez-Risco e Macías, teño que lembrar publicamente o meu agradecemento á súa persoa, xa que él foi quen me puxo no camiño de adeprender o pouco que sei do mundo do dereito, especialmente do dereito aplicado, no mundo da xustiza, no cal os desa realidade na que se concreta o conxunto social como comunidade de vivencias humanas, este meu agradecemento a quen foi o meu Mestre no campo do dereito aplicado teño que referilo tamén a aquel home, todo xenerosidade e grandeza intelectual, que foi Don Ramón Piñeiro, que me encamiñou ao escritorio de Don Sebastián.

E agora, xa metido no mundo ao que me quero cinguir, pedir desculpas polas faltas que poida haber e que, seguramente, moitos poderán ampliar e analizar cientificamente, cunha capacidade que a min me falta, pero que agardo poidan servir estas liñas para que alguén se adique a escribir unha tese doutoral sobre a sobranceira figura xurídica do pensamento de Don Sebastián, neste ámbito das relacións sociais da comunidade galega.

## O DEREITO E A VIDA SOCIAL E ECONÓMICA

O pensamento de Don Sebastián, a respecto da significación do dereito e da xustiza, como deixou dito nos seus traballos xurídicos e, moi especialmente, no titulado “AS INSTITUCIONS XURIDICAS E A VIDA ECONOMICA E SOCIAL DE GALICIA”, baséase na dobre configuración do dereito en canto, dunha parte, á rela-

ción do concepto do dereito coa vida social e, doutra, a respecto da vida económica.

Deste xeito, e na primeira relación, seguindo Don Sebastián a doutrina do Profesor J.R. Dos Santos, Júnior, o “dereito é, sustancialmente, condicionamento da vida do home nas súas relacións de convivencia” e, polo tanto, trátase de ver ós homes en canto enxertados na vida social. Esta análise e estudo é chamado por Don Sebastián “antropoloxía xurídica” e, mantendo o principio da absoluta e recíproca libertade de cada un, ten por obxecto a valoración e sistemática dos feitos constitutivos de tales relacións interhumáns. Así, o motor causal da sociabilidade, no pensamento de Martínez-Risco, deriva dunha predisposición a acercarse ó próximo, de “aproximarse” ós demais homes, e, polo tanto, esa aproximación require a institucionalización xurídica dos feitos derivados de tal agrupación.

O antedito nos leva, como dí Don Sebastián, a darlle categoría xurídica ao feito da relación inmanente do home coa terra e de aí nace a propiedade, unha de cuxas fórmulas é, precisamente, a función social da propiedade como principio básico da regulación xurídica da mesma.

Máis a vida social dos homes atópase condicionada nunha grade parte pola vida económica e, neste aspecto, as institucións xurídicas que as regulan deben ter en conta, para o seu desenvolvemento, os feitos económicos e, esencialmente aqueles que acadan “unha transcendencia ou proiección económica: a propiedade e posesión dos bens, outención dos seus froitos e dos productos do traballo”, todo o cal esixe uns principios de organización xurídica perfectamente interrelacionados. Tal como vemos, pois, o dereito, en canto regra de organización social e económica, non pode esquecer en ningún intre

esa dupla característica e a súa interacción dunha noutra.

## AS FONTES DO DEREITO

Tal como dixemos denantes, e seguindo coa tese de Don Sebastián, o dereito pode tratar os feitos da vida social e económica e, para iso, pode arrincar dun sistema xa establecido ao longo do tempo, ao que chamamos “costume”, ou ben establecer un novo sistema por medio da “lei” e, polo tanto, en principio, resulta máis froitoso, para chegar ao fondo definitorio da personalidade dun pobo, cando a norma que rixa a súa vida social e económica sexa o costume.

Véndoa así, o costume ven ser, pois, como un espello que reflexa a vontade dun pobo, creadora do seu dereito. E o mesmo pobo, nos seus decires, outórgalle tal carácter, citando Don Sebastián os seguintes:

“A costume fai lei e mata a lei”.

“Costume boa ou costume mala, o vilán quer que valla”.

“Alá van leis onde queren reis” e, por último;

“Feita a lei, feita a trampa”.

Como resulta claro, estes decires populares, ao enxergalos na teoría de Don Sebastián, veñen configurar un sistema xurídico que rexeita, no remate, a independencia da lei xa que faise a lei que quere o rei ou, máis negativa, a lei que se deixa sen valer para o que foi pensada xa que, de contado, o que vale non é a lei senón a trampa.

## O HOME GALEGO E A SÚA TERRA

Estou a facer un pequeno resumo do pensamento xurídico de Don Sebastián Martínez-Risco e, se ben vou seguindo máis en con-

creto o seu estudo sobre de “As Institucións Xurídicas e a Vida Económica e Social de Galicia”, non se pode esquecer que o seu labor no campo do Dereito é moito máis amplo, con estudos, xa en concreto, sobre o dereito comunitario, en canto os galegos acostumaron a exercer en moitos casos o dereito de propiedade sobre augas e terras de xeito comunitario, do que son exemplos, entre outros, os montes veciñais en man común e as augas dos ríos, nas aceas e muíños.

No devandito estudo, un dos apartados máis interesantes para lle dar contido á fixación do dereito nos dous aspectos da vida social é a económica, interrelacionadas, constituíndo unha organización xurídica propia de Galicia e do seu pobo, non podía faltar a concreción do estudo xurídico en canto ao Home Galego e a súa Terra, tomando os dous aspectos seguintes:

A) ○ HOME PERANTE A TERRA.

Este aspecto parte dunha afirmación básica, cal é a de que o home galego, e en especial o campesiño “móvese na terra nativa como no seu meio propio” e “a terra é, pra él, un factor esencial de contaito biolóxico que rixe e determina as súas accións e reaccións”. Tan é iso que, na realidade, a terra chega a ser un amor que se atopa por riba de tódalas cousas, dun carácter cáseque diviño. E o propio Otero Pedrayo, tal como é citado por Don Sebastián, ao traveso do seu personaxe, o tío “Trocados das Bouzas”, como exemplo do mutuo influxo e o cruce de sentimentos entre a terra e o home, xa que o home sinte á terra como nai e a terra sinte ao home como fillo, e, polo tanto, no conto de Otero Pedrayo, dise:

“Da terra todo ven e todo a ela volve. Inorme e boa nai agasallando fillos ... Doxura do torrón, friaxe boa prás carnes abouradas pola



doenza ou a paixón, medo na nai de que os fillos foran desditados. Tamén a nai sofre. Quixera mirar a todos ditosos e sabe han voltar cansos e feridos. E a nai terra, a seu feitura, calcada nos camiños, longamente ferida por as labouras, durante tempadas ensoa seus fillos”

#### B) A TERRA PERANTE O HOME.

Na interrelación á que fixemos referencia denantes, entre a vida social e a económica dos galegos e do dereito como sistema de artellamento entrámbalas dúas, tamén na interrelación home-terra prodúcese unha fluencia de sentido cara á terra e cara ao home e, polo tanto, Don Sebastián, denantes de establecer o catálogo das Institucións xurídico-consuetudinarias con proxección na vida social e económica de Galicia, expón o sentido de volta da relación home-terra ao reflectir o sentido terra-home.

Para Don Sebastián, “a terra responde á querencia do home e o atrae ou axota coas súas feitura de dona xeitosa. A morfoloxía e fecundidade do labrego, e xa o retén ou xa o alonxa de si”. Deste xeito, Martínez-Risco establece unha serie de elementos constantes da terra galega que producen, en canto tales, os efectos correspondentes no artellamento do dereito civil galego. Así, a textura orográfica do país, principalmente nas montañas do Leste de Lugo ao Norde; polo Sur, a montaña ourensán e, polo centro, no Cordal Central Galego, chama ao campesiño a una tarefa colectiva de posesión e disfrute e crea, pola obediencia de todos a esa chamada, o problema xurídico da divisibilidade do chan montesío que, se se apartara de diante e se afirmara a divisibilidade da terra neste caso, tal cousa produciría o efecto negativo da súa disgregación parcelaria.

O fenómeno antedito, examinando o que

acontece no microfundio das terras labran-  
tías de encosta, val e ribeira, conduce, nece-  
sariamente, á necesidade de concentración  
dos eidos, limitada en parte pola creación das  
agras e outras formas semellantes, coa conse-  
guinte disgregación dos homes e a tendencia  
a seren asignadas, finalmente, a un só titular  
para obter un índice económico mínimo na  
súa explotación.

A terra, pois, en canto as súas característi-  
cas orográficas, sen esquecer os diferentes  
aproveitamentos da mesma en función da  
climatoloxía específica de Galicia polo que  
respecta ao uso da auga nos cultivos, produ-  
ce un costumario que conleva a necesidade  
da creación de novas leis que deben axudar  
a que non se rompan as ligazóns do home  
coa terra, e viceversa, por mor do resultado  
económico do traballo da terra e así son as  
leis as que teñen que amarrar ben esos ven-  
cellos “meiante unha regulación axustada ás

esixencias xoeconómicas e humáns do país galego.

## **REMATE**

Como dixen no comezo do presente artigo, resulta imposible facer un estudo a fondo da traxectoria xurídica de Don Sebastián Martínez-Risco e, polo tanto, centreime en expoñer, minimamente, as súas ideas encol do contido e o porqué dun dereito civil propio de Galicia; pero, para rematar, debo resaltar algo máis do xurista que foi.

De primeiras, e como resume do xa antedito, débese significar que o pensamento xurídico da organización da vida socio-económica da Galicia para Don Sebastián Martínez-Risco descansaba, como base de todo o desenvolvemento xurídico, no costume e nas interrelacións do pobo, o home galego, e a terra que ese home traballaba e da cal vivía.

E abondaría xa co dito para lembrar e significar a importancia, básica para o estudo do dereito propio de Galicia, do inmenso xurista que foi Don Sebastián, pero, ao tempo, non podemos esquecernos da súa valía literaria, que o levou a presidir a Real Academia Galega cando se produciu a vacante, logo da morte de Don Manuel Casas.

Máis penso que non me corresponde sinalar esa faceta dese Grande Home senón, simplemente indicala para que outros traballen nela. Eu, tan só, quixera referir outros traballos xurídicos seus que considero imprescindibles para un estudo, e unha aplicación, en serio, do dereito propio de Galicia, e que serían: o estudo editado en Bos Aires tiduado “El régimen jurídico de la propiedad territorial en Galicia a través de sus instituciones forales”, do ano 1958 e, anteriormente, do ano 1953, o seu discurso lido na recepción pública celebrada o día 18 de abril de ese ano na Real

Academia Galega, tidoado “O Sentimento da  
Justiza na Literatura Galega”.

E agora, sí, para rematar, quero que sexa Don  
Sebastián quen o faga e, para iso, vou trans-  
cribir uns anacos das palabras que dixo en Pa-  
drón, na Casa de Rosalía de Castro, con mo-  
tivo da celebración do I Congreso de Dereito  
Galego e no cal significa a paixón e a loita da  
poeta Rosalía na percura da xustiza, cando,  
no seu poema tidoado “A xustiza pola man”,  
nos dixo:

“Salvádeme, ou xuíces”, berrei ... ¡Tolería!  
De min se mofaron, vendeume a xustiza.  
-“Bon Díos, axudaime”, berrei, berrei inda ...  
Tan alto que estaba, bon Díos, non me oira  
...”

E, logo, nos dixo Don Sebastián, naquel ano  
1972,

“Velehí un nidio exempro de que Rosalía non se limitou a chorar nos seus versos, como se adoita decir, senón que, saíndose, coma outras veces, do enxido da súa intimidade lírica, sentiuse atraguida polo seu entorno social e cultivou, en defensa da súa Terra, unha verdadeira épica do sentimento. E por esta vez, pra requerir, nunha aitude de senso nobremente contestatario, o trunfo da xustiza”.

E, pola miña parte, ren máis. Subscribo todo canto dixo Don Sebastián Martínez-Risco e sempre o botarei en falta, como home e como xurista.

NOTAS SOBRE O SENTIMENTO DA XUSTIZA  
NA LITERATURA POPULAR GALEGA



## DÚAS CARAS DA XUSTIZA

### A XUSTIZA COMO EPOS E COMO SENTIMENTO INDIVIDUAL



Quizais non haxa mellor xeito para describir o espírito dun pobo –seu ser, e, aínda máis, seu existir- que cachear o seu concepto, o seu sentimento –para referirnos á espontaneidade do fluír anímico- daquela raygada *virtud que dura nnos corazones de los omes justos e da e comparte a cada uno su derecho igualmente*, como da xustiza teñen dito as Partidas do noso Rei Sabio. Virtude colectiva de seu, posto que ten como instrumento as normas de convivencia humana, vive fóra e dentro do home, cinxindo a súa existencia, como un epos e como un degoro interno, a un tempo mesmo.

No primeiro aspecto, a xustiza téguese de cor colectiva, échese de substancia épica; tendo

as raíces nas xentes, vive sobre elas, nutrida e determinada por factores humanos e cósmicos. O devalar da historia (vida social, loitas políticas, organización familiar), e o escenario xeográfico (a terra chá ou montesía, interior ou mariñeira, doada ou pobre, cumprida ou esnaquizada), determinan as regras de dereito, cuxo discernimento é o fin da xustiza, e, xa que logo, rematan por configurar a xustiza mesma. Neste senso, a xustiza imponse ao home como ente individual, vénlle, por así dicir, de fóra, sen que faga moito por procurala. Ten, dalgún xeito, un senso de loita, de cousa que, de maneira máis ou menos fadal, nos é dada e que podemos, ao noso turno, xulgar. Se pensamos en institucións como o foro e a compañía familiar galega, en certas regras consuetudinarias de paso e disfrute colectivo dos montes, estaremos en presenza de axeitados exemplos de materiais xurídicos saídos da canteira da terra, que rematan por determinar unha certa maneira de xustiza.

No senso de degoro interno, sen deixarmos de rescindir o reflexo daquelas determinantes épicas –e quizais gozados por recibilo-, a xustiza nace da nosa conciencia do que debemos e se nos debe, ten moito de postura contemplativo home perante o horizonte das regras de dereito e tamén de actitude de aprobala onde a ve e de procurala onde m ira que falta. Ningunha mostra máis fiel desta actitude que a gravada naquela suxerente e emocionante estampa saída do profundo xenio de Castelao: un labrego atanado, cinxido de fillos, a man na testa dun deles e o machado ao lombo, fita a paisaxe lene de verdecente dos eidos nativos, e di, sentencioso e tristeiro: A nosa terra non é nosa, rapaces. Inútil e descamiñado sería buscar nesta frase un senso de rencor ou de altiveza, sentimentos alleos e aínda opostos ao xenio dos nosos paisanos. A verdade profundada en tales palabras identifícase cunha disposición garimoso e saudoso cara á terra, que ten tanto de arela afectiva

como de interese doméstico; e a intención crítica que as alumeou, víuse traducida en leis especiais ben coñecidas que, asegurando a mirada do labrego no cultivo dos eidos alleos, e dándolle xeito para facelos propios,viñeron, ao cabo, a lexitimala e darlle satisfacción.

#### **A LITERATURA, ESPELLO DA XUSTIZA.**

E ben. O pobo maniféstase na súa literatura: fala nela, coa intención de beleza que preside esa arte, do amor e da morte, dos traballos e dos días, dos vicios e das virtudes. E, naturalmente, fala tamén da xustiza. Da xustiza como órgano e como fin; como actividade funcional e teleolóxica: dos homes que a aplican e dos que a reciben, dos minisros e dos administrados.

E, ao facelo, xulga a xustiza, expón o concepto que dela ten no lugar e na época, en que a ela se refire. Xuízos, desde logo, espaxados aquí e acolá nas obras literarias, mais que cómpre

xunguir e organizar para facer das nosas letras unha serie de espello no que a xustiza reflita a súa imaxe -fiel ou deformada- tal e como os escritores e o pobo a vén, tal e como a sinten.

Claro está que este labor espontáneo -valga a aparente antítese- da nosa literatura responde máis ao concepto de actitude do home perante a xustiza ao aspecto individual ou íntimo de que falabamos ao principiarmos estas notas, que ao senso de virtude obxectiva, de ente planetario do noso mundo moral, imposto a nosa existencia.

Porén, o sinalado desdoblamento conceptual admite, non só unha ponderación cuantitativa, máis unha valoración de calidade en relación coas distintas fontes literarias. Así, de volta do seu estudo detido, traeremos a conclusión que se a literatura erudita tende a considerar a xustiza no senso épico, de fenómeno do cosmo moral, e a xulga como debera

ser, a literatura popular, quizais por ser obras que están máis perto dela, a sinten e a reciben, detéñense polo xeral nunha actitude contemplativa para xulgala con amargado humorismo, tal e como é, admitíndoa como un máis entre os seus deuses nativos.

## A XUSTIZA NA LITERATURA ERUDITA

Quizais non haxa xeito mellor para demostrar a polarización de ambas actitudes que lembrar a obra de Curros. O poeta ourensán, de quen Carballo Calero ten dito nun denso e certo estudo (1) que as realidades sociais e sentimentais da vida constitúen o fondo da súa temática, sobe ao cumo de Galicia, e dende ela apostrofa, condena, define, con aceno profético, de verdadeiro vate, con alporizada fogaxe. Non sería, por isto, caer na hipérbole nin na doada metáfora, senón apuntar unha

clara correspondencia entre a súa postura moral e a súa obra, dicir que é poeta volcánico:

*Ráfagas dos altos cumes  
¡Canto entón me gorentaron  
Os vosos puros perfumes!*

*"O divino sainete", V, 40.*

Curros é o home identificado coa terra, quizais a voz da terra mesma:

*Unha vida toda enteira  
A patria ben consagrada  
E de por si unha fogueira.*

*Ibid, VI, 17.*

Sendo así, tiña que ser tamén creador do epos da xustiza, quizais a xustiza mesma. As columnas da súa obra poética, que ten moito de románica –porque é sólida, pétrea e rotunda como o románico–, aséntase sobre dos montros da ignorancia, a pobreza, a escrivi-

tude e a inxustiza. Por iso se revolve contra a besta do laudemio en *Introdución ao libro Aires da miña terra*; clama contra a xustiza dura e sanguiñenta en *A Igrexa fría, Mirando ó chau* e *Crebad as líras*; fustiga aos escribáns -el, fillo de escribán- en *As dúas pragas*; louva a seu avogado no seu estrondoso proceso, e deosta aos malos xuíces.

A xustiza atopa, deste xeito, na loita de Curros o lugar que encontraron outros problemas sociais da nosa terra, ante os que o poeta exerceu seu oficio grandilocuente e sacerdotal de definidor.

Este mesmo senso crítico e aínda reformador da xustiza como substancia colectiva, atópase na obra doutros dos nosos grandes poetas do dezanove, como Lamas Carvajal -termo medio, porén, dada a intimidade da súa obra co espírito do labrego, entre a ideoloxía filolóxica dos escritores e o concepto obxectivo



do pobo, na contemplación da xustiza-; como Pondal, que ergueito no seu mundo mitolóxico, dálle aos galegos nunha das súas contadas alusións á xustiza: E a rigorosa Themis - A favor voso o ferro balancea; como a mesma Rosalía, que deixa un intre a súa infinda dozura e a súa íntima mágoa, para saír da súa pluma aquel sostido e fremente apóstrofe que é o seu poema *A xusticia pol-a ma*, no que pon en beizos da muller perseguida:

*Salvádeme, iou, xueces, berrey...¡Tolería!*

*De min se m ofaron, vendeum 'a xusticia.*

E atópase tamén nas obras dos nosos pro-sistas, como en Valle-Inclán, no diálogo entre don Juan Manuel Montenegro, a Madre Abadesa -súa sobriña-, e o Maestre-Escuela, do capítulo XXIV de *La guerra carlista*, e en Otero Pedrayo, no fermosos e vivace retrato do vello avogado don Bernardo, da novela *La vocación de Adrián Silva*.

No campo da nosa literatura erudita espéllase, de certo, a miudo a imaxe da xustiza. Nel cabe contemplala, espigando desde a poesía galaico-portuguesa medieval, nas cantigas de maldizer, ata os poetas e prosistas de hoxe.

De todos eles podemos dicir, parafraseando a Carballo Calero no seu devandito traballo, que a xustiza irrompeu, máis ou menos cumpridamente, na súa arte, e que, dese xeito, a arte encheuse da vida, por ser a xustiza unha das súas expresións.

## A XUSTIZA NA LITERATURA POPULAR

### **AS CANTIGAS E OS REFRÁNS.**

Tencioamos facer ese labor de inquérito, e andamos a preparala. Mais o que interesa agora á finalidade que no título deste traballo

anunciamos, non é esculcar no concepto que teñen da xustiza os escritores que a xulgaron de propia man ou baseándose no popular labrego, senón o que pensa e sente dela o pobo mesmo. E para iso, nada mellor nin máis doado que acudir ás fontes da súa expresión literaria, decote nídias e espontáneas: as cantigas –que foron chamadas a verdadeira lírica- e os refrás. Fontes de expresión nídias e espontáneas, e, mellor, dereita, porque nelas brilla o saber popular sen as néboas temáticas nin as intencións soterradas das lendas, os apólogos, os contos e as adiviñas; son, en fin, determinadamente afirmativas.

Escollemos, ademais, cantigas e refrás, porque se as primeiras son, como dixemos, os instrumentos líricos de expresión popular, os segundos teñen máis de xénero épico polo seu fondo sentencioso; e acadaremos, así, unha certa polarización desas fontes especiais do noso inquérito, que axudará a compensar ao

que a este ensaio lle falta de completo co que lle sobra de esquemático.

### **A XUSTIZA COMO NECESIDADE: A VECIÑANZA E O AMOR Á TERRA.**

A primeira conclusión a que chegaremos trala nosa observación, é que o labrego galego sente a xustiza como unha necesidade. Precisa dela como das medicinas para curar a saúde. Precisa dela ara curar a saúde dos seus intereses, e, boa ou mala, doce ou amarga, tómaa porque lle cómpre. E non, certamente, na mesma medida doutros pobos, porque as condicións étnicas-sobre todo xeográficas-de Galicia son especiais. Sobrancea, de entre todas esas condicións, como determinante daquela necesidade, a proximidade física de vida, o que se chama nun circio sentido, as relacións de veciñanza.

En efecto. A realidade do minifundio, que fai

da nosa terra -polo xeral- un verdadeiro mosaico agrícola, da orixe a que o labrego teña que moverse con gran dificultade sen tropezar co seu veciño. Para arar ou regar os eidos, para entrar ou saír deles, cómpre usar dos alleos.

A xustiza élle, pois, máis necesaria ao galego que a moitos outros pobos. E como a precisa, usa dela. Non abusa, como din con erros profundos os que, créndose en todo da parte de alá, lle atribúen ao paisano xe nio de afección aos preitos. Fora bo que esas xentes que tal pensan, vivisen no mesmo escenario seu, cheo de cotiáns tropezos, para que aprendesen a admirar o agudo sentido de sociabilidade e as virtudes de prudencia e templanza que fan falta para enfiar a vida no agro por roteiros de paz; e para comprenderen que son moitas máis as cuestións arranxadas polo maino espírito do petrucio, que as que chegan ao mundo belicoso e vociferante do foro.

Non fai, non, abuso da xustiza. Cando ela chama ás súas portas, recíbea poucomenos que como unha desgraza; mais unha desgraza fadal, inevitable. Este setido de adversidade, e non aqueloutro de afección ás loitas xudiciais, latexa no tema desta cantiga:

*Pranteille preito a un veciño  
pol-o aquel d-un regueiro,  
perder; perdín o que tiña,  
pero amolar amoléino.*

*"Antífona da cantiga", por R.Cabanillas; cant.244.*

E ese mesmo sentido de desgraza necesaria fai notar Lamas Carvajal cando no seu poema *A aldea*, di dos labregos:

*Non terán botica que dar ós enfermos,  
famentos, en coiro, d'arrastro andarán  
y-en preitos, partixas e xuicios verbales  
derreten os cartos que aforran de pan.*

¿Qué outro sentimento senón o de desdita inevitable, parella á que poden traerlle a xia-da ou a seca, ben oposto ao de pracer deportivo, descubren, como reacción do espírito do paisano cara á xustiza, estes refráns?:

*A quen mal queiras, en preito o vexas.  
Máis val unha mala avenencia que un bon  
preito.*

*"Refraneiro galego" por E.Carré Aldao, en "A Nosa Terra"*

Poñémonos serios xogando ao vocablo, para dicir que o labrego galego é, nin máis nin menos, un suxeito de dereito máis suxeito ao dereito ca ningún outro.

Mais nesa necesidade que o labrego ten da xustiza -e que como necesidade lle leva a sentila- intervén, non só o interese material polo coidado dos bens, mais tamén o agarimo á terra, a mágoa, a ledicia e o amor dos eidos, aos que -perto ou lonxe- vive ven-

cellado, e que o acollen e cobren na corte. Vén determinada, pois, aquela necesidade pola omnipresencia no espírito do paisano, en corpo e imaxe, das leitas nativas, ás que mira, coida e defende como obxecto da súa paixón afectiva. Traducen a autenticidade deste sentimento aqueles efusivos versos de Rosalía:

*...hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantey...*

Quere o labrego ás hortas e ás cortiñas, aos lameiros e aos montes, ás árbores e ás fontes, á casa e ao piorno. Quéreos con vontade nacida do traballosa trato cotiá, con anxeio fiel de namorado. E quizais a terra lle corresponde, queréndoo a el e falándolle ao seu espírito con agrarimo exclusivo. Lembremos aquel segredo que nos descobre a nosa raiña lírica, a criatura que máis fondamente dialogou, de corazón a corazón, coa nosa natureza:



*Hay antr´a sombr´amante d´as nosas car-  
balleiras  
e d´as curtiñas frescas no vivido esprendor,  
e n´o romor d´as fontes esp´iritos cariñosos,  
que só ós qu- aquí naceron lles dan falas  
d´amor.*

Sendo así, ¿Cómo non ha cobizar o labrego seus eidos, e teimar na súa garda? ¿Cómo non ha celar a súa posesión? Quenquera que vise, ao solpor dos días acesos de verán, atarefado ao labrego, indo e vindo, na regra do seu lameiro, os pés núos e lamacentos, podería decatarse da aloumiñante sensualidade con que o coida e señorea, e comprendería a verdade e enxebreza con que Rosalía lle fai dicir:

*...pasín os regos,  
pasín os mares,  
con pés enxoitos  
e sin cansarme.*

Velaí como axustiza reescribe tamén na súa face o sopro da saudade -¿qué cousa estará libre dela no ámbito da nosa terra?-. Nas follas dos preitos vaga moitas veces o seu recendo, e pouco ben fará quen non o saiba descubrir e respectar.

Coido que non se poderá dubidar de que a xustiza é para o labrego galego unha necesidade, e que como tal a sinte e procura. Xa vai sendo hora de combatermos a falsidade con que fóra de aquí pintan así aos fillos de Galicia como a Galicia mesma; de acabarmos co motivo da picardía do paisano, da súa inclinación deliberada aos preitos, que tenciona presentalo entregado á miscenánea de ocorrencias para encher follas de almanaque, cando o certo é que na súa alma sinxela, xenerosa e resignada, e na súa sabencia racial, lostregan a agudeza e a desconfianza só se- a cotío para a súa desgraza- sofre a ameaza da inxustiza, a humillación ou

o asoballamento. Deixemos, pois, o tópico da súa dobrez e retranqueira, no lugar que lle pertence, de cualidade mimética, de reaccion de defensa lexítima, que sabe exercer comprida e certamente pola súa fina intelixencia, frondosa e matizada como a terra que o alumeou, e que fai del un dos homes máis sociables do mundo.. E deixemos tamén este punto, arregueixado e urxente, para máis longo desenvolvemento noutr mellor ocasión.

#### **ACTITUDE REVERENCIAL PERANTE A XUSTIZA.**

Afeito aos espectáculos da natureza, dunha sinxela grandiosidade; á contempación da paisaxe regada pola luz do abrente ou polas sombras do solpor, musicadas pola vaga queixa dos piñeirais ou pola brandande orquestración da treboada, vernizada pola chuvia ou esvaecida pola néboa, o labrego asiste ao espectáculo da xustiza humana

cunha actitude de relixiosidade. Abonda ver como se move, silencioso e paseniño, o chapu nas mans xuntas, todos ollos e ouvídos para todo o que acontece ao seu arredor, nos pazos de xustiza.

Non esquezo a forza expresiva do relato que ouvín a quen viviu o feito. Desfilaban pola sala de certo Xulgado as testemuñas dunha causa. Chegoulle a vez a unha mulleriña que apareceu no vao da porta, na cabeza ben anoado o pano de seda remeado das festas. Adiantouse cara ao estrado, amodo e recollida, coidando que os zocos non ludisen nas táboas so chan; e cando chegou perante o xuíz, lenta e mainamente, caeu de xeonllos. Aquela mulleriña vía, sen d'vida, no ámbito pechado e cerimonioso da sala de xustiza, a presenza das imaxes, e o rebrillar das luces da súa igrexa aldeá. E houbo que convencela para que se erguese, porque ali non estaba na súa igrexa.

É curioso notar a relación de coincidencia desta actitude co concepto que Mateo Alemán, por boca do seu Guzmán de Alfarache, tiña dos xuíces: *Mas el juez -di no primeiro capítulo da obra- que se lo dieron (el oficio) gracioso, en confianza, para hacer "oficio de Dios", y así se llaman "dioses de la tierra"...* Para a mulleriña do noso relato, o xuíz que tiña diante debía de ser tamén un deus da terra; ou, alomenos, víuno como tal.

Quizais esa actitude reverencial non sexa máis que unha manifestación de sentimentalismo da raza; quizais obedeza aos estímulos de reacción mimética da que falabamos antes. Mais en calquera de ámbolos dous casos, non é só unha actitude proveitosa, sendo así que non a adoitan só os que teñen entregado á sorte da xustiza o destino da súa facenda, mais tamén os que pasan por diante dela nús de xenreira e de interese.

Tan enraizado está no espírito do labrego ese sentimento de respecto á xustiza, que, escéptico dela ou afianzado nela, ata no humorismo ou na burla coa que a pode mirar, asoma e descúbrese.

Velaqui algunhas coplas nas que latexa unha clara intención ponderativa:

**Do xuíz:**

*Eu teño un cansiño  
e usté ten des;  
“o que ten des cás  
pode ser xues”.*

*“Cancioneiro popular gallego” de Pérez Ballesteros; 1,37.*

**Do litigante:**

*Tráes a gorra de lado  
a uso de preiteante;  
se pensas que es bo mozo*

*outro che pon o pé diante.*

*"Cancioneiro das ribeiras do Tea" por F. e L. Bouza Brey; cant.101*

Mais tendo, no íntimo, ese sentimento reverencial, ¿Qué pensa o pobo da xustiza? Ímolo ver.

#### **O QUE PENSA O LABREGO DA XUSTIZA.**

Do fondo da corrente de cantigas e refráns, xeralmente burlescos, a ela dedicados, non sae moi ben parada. Os trazos e matices con que a debuxan, as alusións crúas e aguilloadas con que a colorean, non conveñen coa fermosura mitolóxica da súa figura.

Vén facer neste aspecto o noso cancionero popular, dalgunha maneira, o oficio da novela picaresca na literatura castelán. Agás a estrela fuxidía do Estebanillo González, que se confesa galego e na súa pasaxe pola terra cara a Portugal cala toda alusión á xustiza, quizais

por curarlle un intre a doenza da picaresca a súa pelerinaxe a Compostela, falta na nosa literatura ese xénero, que foi pedra de toque de xuíces, escribáns e alguacís, de avogados e persoeiros. Claro está que como fonte de inquisa da valoración da xustiza, non tería a mesma autenticidade que teñen os cancioneros; pois se estes débense ao inxenio anónimo, á espontanea elaboración do pobo, a novela picaresca é, ao fin e ao cabo, obra de escritores eruditos, aínda que algúns deles, por teren, como lle aconteceu a Mateo Alemán, tropezos cos tribunais e trato coa xustiza, estivesen en condicións de darnos novas dereitas deles, de copiaren do orixinal as propias observacións.

Non son, porén, menos acedos e abellados os xuízos e conceptos tocantes á xustiza que atoparemos na follaxe das nosas cantigas e refráns, que os que botou sobre ela a novela picaresca, e en certos puntos, como os que se refiren aos seus administradores, é sobrancei-



ro o paralelismo e ata a identidade conceptual entre uns e outra.

Coidamos que a inimiga e a teima que demostran eses xuízos explícanse como reacción diante do espectáculo de casos ou actitudes que o pobo considera inxustos, é dicir, como froito da inxustiza, e tamén, nun ha orde máis singular, como protesta dos que se cren nalgún caso particular, asoballados pola xustiza. A agudeza e amplitude con que alastra o lume das emocións colectivas, abonda para comprendermos que o pobo veña ser présa delas, e que as retribúa con esa arma maina e ferinte da cantiga, coa que desafoga as súas contrariedades nos intres de xuntanza e divertimento nos que usa dela.

A) DA XUSTIZA.

Preside na literatura popular a idea de pesimismo sobre a xustiza como función, idea que

non porque a consideremos sen guisa, e aínda coidemos, cando se nos procura, desenraizar, debemos deixar de anotar aquí. Ningunha proba mellor que estas dúas cantigas alusivas aos preitos, cristalización a máis palpable da xustiza:

Unha, a que xa citamos enriba na que fala o preiteante, triunfador, aludindo ao contrario:

*... perder, perdín o que tiña,  
pero amolar amoleino.*

Outra, esta, cuxo tema é máis coñecido en prosa, que di:

*Tres cousas precisas, Vila,  
se o preito queres gañar:  
ter razón, saber pedila  
e máis que cha queiran dar.*

A mesma idea de pesimismo reunía nestes

refráns, escolmados no devandito Refraneiro galego recollido por Uxio Carré Aldao:

*Anque non teñas unllas, mete cuñas.*

*A mellor razón, un fungueiro.*

*Ao bon pagador, non lle doen costas.*

*Coa autoridade e a inquisición, chitón.*

*Alá ven leises donde queren reises.*

*Feita a lei, feita a trampa.*

Moitos máis refráns e cantigas poderíamos amosar en proba do dominio común daquela idea da xustiza; mais abonda para a medida que debe ter este traballo.

B) DA CURIA

Sen dúbida, porque constitúen a personificación da xustiza, arrecia e cébase nos seus ministros a cisma e o humor do pobo. E habemos notar que a cisma é tanto máis asañada, ata chegar ao aldraxe, canto máis baixo está o

degrao que ocupa o curial e máis perto vive das xentes.

¿Representan esas críticas un ha sempre reacción contra persoas que exercen autoridade, ou teñen algún outro motivo? O mestre Cabanillas explica, tocante a este punto: Nestas coplas de ase e pinchadura nunca saen ben paradas as xentes con mando, as que son tidas, moito máis non que fai á curia e aos seus ministros, por asoballadoras do agro e rabuñadoras de face ndas. (Antífona da cantiga. Ed. Galaxia, páx.43).

E así, segundo as mostras que ímos dar, como pensa o labrego das xentes da curia; pensamento certamente resumido na devandita intepretación do esclarecido autor de *Vento mareiro*. Mais son tan abondosas esas mostras, que teremos que limitarnos a presentar algunhas, que coidamos exemplares.

Todas elas coinciden nunha actitude despectiva que pode cifrarse nesta curiosa e singular cantiga, única que atopamos na nosa búsqueda, que pertencendo ao xénero amatorio participa do burlesco cara a xustiza:

*Catro me queren,  
tres son da Audiencia;  
vállach 'o demo  
con tal comenencia.*

*Pérez Ballesteros, ibid., I. páx. 36.*

### **Os xuíces**

Son contadas as coplas que se refiren a eles, e desde logo moitas menos que as tocantes aos demais ministros da xustiza. Iso xustifica o que máis entiba dixemos, e demostra que as frechas do inxenio popular atinxiron pouco a figura do reitor da xustiza.

Amosemos dúas. Unha delas ten predominante sabor local, pola alusión xeográfica do texto e porque o colector (Pérez Ballesteros, no cancionero citado) di que foi obtida no partido xudicial de Betanzos:

*Señor Xués de Airón  
e mail-o seu escribano,  
tantos demoros o leven  
como días ten o ano.*

*Ibid., III, 195.*

A outra simboliza, de sinxelo xeito metafórico, a inflexibilidade do aplicador da lei:

*Este pandeiro que toco  
éche de coiro de xués:  
toca, pandeiriño, toca  
que ben duro o coiro tés.*

*Ramón Cabanillas, Ibid., 43.*

## Os escribanos

Sobre deles hai unha morea de cantigas e refráns de crítica ferinte, que polo xeral coinciden en atribuírlles o pecado de cobiza, valéndose das máis diversas imaxes, usadas tamén na literatura castelán. Pode dicirse que é, na literatura popular galega, o branco da crítica máis aceirada entre tódolos ministros da curia. Sinalemos algúns modelos dos moitos que temos a man:

*O galo con tantas prumas  
nunca se pudo manter,  
un escribano con unha  
mantén fillos e muller.*

*Ramón Cabanillas, Ibid., cant. 548.*

Lembremos que Guzmán de Alfarache di tamén, referíndose á pluma do escribán: “...sólo el cañón de su pluma es más dañoso que si fuera de bronce reforzado” (1ª parte, lib. 2º, capítulo IV).

Outra:

*Un gato c-un esquirbano  
cairon xuntos no pozo  
e como os dous tiñan uñas  
rabuñáronse o pescozo.*

*Ibid., cant. 542*

Esta copla, que ten variante no Cancioneiro popular gallego, de Pérez Ballesteros (III, 53), fainos recordar a alusión descriptiva de Larra no seu artigo de costumes Empeños y desempeños, cando di: “...y entró un hombre como de unos cuarenta años...Rostro acuchillado...;uñas de escribano...”

O refraneiro táchao tamén de cobiza:

*Alguaciles e escribáns nunca fartos están.  
Man sobre man, como a muller do escribán.*

*Carré, Ibid.*



Non faltan as mostras de temor ao seu oficio:

*Ben ou mal feito, ten o escribán do teu xeito.*

*Carré, Ibid.*

Nin a pintoresca simbolización, na crenza do pobo, das súas maneiras arteiras:

*N 'a miña vida tal vin  
n-a feira de Monterroso:  
vintecinco escribanos  
d 'a cabalo d 'un raposo*

*Pérez Ballesteros, II, 223*

Ao remate, o destino para o escribán é o inferno:

*Hay alegría no inferno,  
que morreu un escribano;  
a pruma e máis o tinteiro  
quedan no coarto bailando.*

*Cabanillas, Ibid., páx. 43.*

En Guzmán de Alfarache é Mateo Alemán quen, usando do mesmo dosto, tan sequera dun xeito oposto, preséntanos a ledicia dos anxos ao ver entrar no ceo un bo escribán, poñendo en boca do doto predicador que predicou un sermón de coresma en Madrid, perante os señores do Consello Supremo:

*Y así me parece que cuando alguno se salva,  
que no todos  
deben de ser como los que yo he llegado a  
tratar, al entrar en  
la gloria dirán los ángeles unos a otros llenos  
de alegría:  
-Laetamini in Domino. ¿Escribano en el cielo?  
¡Fruta nueva!  
¡Fruta nueva!*

Ben se ve que ao xulgar aos escribáns o pobo desatou a vea do seu inxenio ricaz, ollando nel o ministro da curia máis cabo del, e o artífice dos seus manfadados preitos. A paixón

do ataque fíxolle esquecer as sentenciosas verb as do romance lexislativo medieval, que estiman como moi útil seu oficio usado ben e lealmente, porque facilita e acaba as cousas necesarias no reino, e deixa a memoria do pasado nos rexistros e notas que se gardan del.

Ou quizais fixo purgar nos bós os erros dos malos.

### Os Alguacís

Orballa por eles o enxeño labrego do mesmo xeito lisgairo e ferinte que sobre os escribáns. Fáino notar o mestre Cabanillas cando di: *Os ministros embargadores e os cobradores de impostos -os noxentos e metafóricos trabuqueiros- tamén levan abondo que rañar.* (Ibid., páx..43)

E Rosalía revólvese para eles nese ton de dra-

mática urxencia, non moi axeitado á súa ten-  
rura, do seu poema ¿Por qué?:

*¡Escóita! Os algoasiles  
andan correndo a aldea;  
mais ¿Cómo pagar, cómo, s' un non pode  
inda pagal-a renda?*

*Embargáronnos todo, que non teñen  
Esas xentes conciencia, nin tén alma.  
¡Quedaremos por portas,  
meus fillos das entrañas!*

Pois ben, ese mesmo sentido de alarma e avi-  
so runfa nesta cantiga:

*Atrancase de arroteo,  
Cubride a porta de toxos;  
Valehivén o trabuqueiro  
Co seu tinteiro de corno.*

*Cabanillas, lbid; páx. 23.*

Sendo o alguacil o brazo executor da xustiza que se alonga para chegar deica o desditoso xustizable, non é estraño Que, como dixemos acon tece co escribán, zoe ao arredor del o inxenio abelloante do pobo nesa e noutras cantigas semellantes, que a longura que vai tomando este traballo non nos permite traer aquí. Aínda que tivese as cualidades que lle esixían as leis de Partida, de seren de *“buen linage, entendido, sabio, leal, sigiloso, esforzado”*, e quizais por telas, non se libraría das aguzadas frechas do noso cancionero popular.

### **Os avogados.**

Non se salvan tampouco da zumba labrega, desde o Catecismo de Lamas, na resposta do labrego onde confesa que ó poñerlle a Extrema-Unción acórdase de que se acabaron as consultas ó avogado, ata un verdadeiro rosario de refráns, dos que amosamos estes:

*Bo avogado, veciño mao.*

*Avogado novo, xusticia pol-as silveiras.*

*Discurre mais un famento que cen abogados.*

O ton despectivo de cantigas e refráns abranxe ás malas cualidades que o pobo vé no avogado: o lareteo, os enredos, o egoísmo e a deslealdade.

## CONCLUSIÓN

A que cabe tirar deste mostrario de ideas populares sobre a xustiza, toscamente tecido, servirá para mingoar a aparente contradición entre o sentimento de incriminación necesaria e reverencial do labrego perante a xustiza, e a actitude de escepticismo con que se sitúa fronte a ela.

Cremos nós que conxugados aquel profundo sentimento e este escepticismo superficial, prodúcese no espírito do paisano un estado moral que, como lle acontece na orde doutras ideas estimativas, sitúao máis preto da superstición -ou, se se quer, dunha loita interior positiva-, que da incredulidade. Daquela, podemos abrigar a convicción consoladora de que, segundo o testemuño da súa obra folclórica, o labrego cre e seguirá a crer na xustiza.

# ESCOLMA DE TEXTOS MEDIEVAIS



*(Manda e testamento de Moor Aras, Moradeira en Palmés, a favor do Mosteiro de Santa Comba de Naves)*




no nome de Deus, amen.  
Conoçuda cousa seia  
a todos que eu Moor  
Aras, moreadeira en Pal-  
més, jacendo cun gran-  
de doenza, pero cum todo meu siso e cun  
todo meu entendemento, teño por ben de  
mandar do que ei ao moesteyro de Santa  
Coonba de Naves por emenda dalguas cou-  
sas, se as ouue desse moesteyro e prior que  
mas perdoe. Et mando ao dito moesteyro  
a mía sesta parte do casar d' Astrees, a que  
dizen de Outeyro, sacada ende a herdade  
que ei de fora de Santa Vaia de Beyro que

lle tiro ende. Et mando ao dito moesteyro por ende a mía sesta parte de herdade da Garduñeyra e do Bouzo e da Coua de Lobo, que son de dézima de Deus. E mándolle estos herdamentos por tal condizón, que eu os esfroyte en mía vida e á meu pasamento fiquelle liure a sesta parte do dito casar das Trees, segundo é dito, e os herdamento da Garduñeira e do Bouzo e de Coba do Lobo mando que os teña meu irmao Fernandaras en sua vida e que faza deles fora de terza ao dito mosteyro e á sua morte dél fiquen liures e desenbargados ao dito moesteyro pera simple. Et mando ao conuento desse lugar C soldos pera pitanza e C soldos a obla dese moesteyro. Feyta foy esto na yglesia de Palmés, XXII dias de Marzo, Era de mil e CCC XL anos.

Testemoias que a aquesto foron chamadas e rogadas: Meen Rodriguez, prelado da yglesia de Palmés; Gonzalvo Pérez e Pero Eanes de Foramontaos, monges do dito mosteyro; Romeu Pérez, prelado da yglesia do Piñeiro; Rodrigo Rodriguez, prelado da yglesia de Morgade; Pero Eanes d'Amarante. Eu Domingo Eanes, notario d'Ourense, a petizón de don Johán Pérez, prior do moesteyro sobredito, tírei estas cláusolas de suso ditas do testamento da dita Moor Atas, que foy feyto por min e puge meu signal en testimoyo de uerdade (signo).

A.H.O. – Celanova –Perg.

*(Foro do Mosteiro de Celanova a Pero Anes, dito Ferrín, morador  
en Cortegada)*

 n Dei nomine, amen. Sabbean quantos esta carta viren como nos don Afonso Peres por a merçee de Deus e da santa Iglesia de Roma, abbade de moesteiro de Cellanova, e oo convento dese meesimo lugar, Damos a vos Pedro Anes, dito Ferrín, morador en Cortegada, freygresia de San Bceyto, e aa quatro voses apús vos, quaes nomeardes, convén a saber: hum nosso foro que chaman da Pedreyra e da Longara e con o souto que chaman de María Pequena e con o outeiriño e cos castineyros da Adega, que

están yndo para Vaao, ena dita freygresia, segundo que os soya trager Pedro Tomé, que son na nosa oveença da Vistiaria, a montes e aa fontes, con suas entradas e seydas, por u quer que as aja e de dereito deua aaauer, ixente o que ende á outro esté afforado, por tal condiçon, que os lauredes e paredes ben como non desfalescan per mingua de lauor e de boo paramento et serredes vassalos obidientes e mandados á nos e aa noso vistiario, e doutro non. Et daredes quarta parte de pan e de viño e de liño e de legumya e de castañas, todo por nosso moordomo, en paz, ó qual proueades comunalmente, mentre estes froytos collerdes et aduseredes por uos á nossa parte ao nosso celleyro, a San Beeyto. E daredes cada ano III diñeiros bran-

cos pera a candea de San Rosendo, VIII dias ante kalendas marças. Os quales foros, se desfaleçeren por lauor ou se deles mudardes nosso señorio ou se nos en non derdes os nossos en paz, como sobredito he, o moesteiro sobredito o reęba por sua autoridade. Et quen este pleito britar peite á outra parte C maravedís e a carta fique firme. Feyta XXVII días dabrill, Era de mil e quatroçentos e XIII anos. Testemuyas: Lopo Anes, prior , Johán Lourenzo, subprior, Pero Agudo, Rodrigo Anes, Gil Peres, Rodrigo Anes, vistiarios, Johán Salvadores e outros.

A.H.O. – Celanova – Perg.

*(Memorial de Foros do Mosteiro de Celanova en Pazos e Verín)*



n este día 4 desembro, o dito bachiller Frey Lopo, en Paços, aforou a Tereija Fernandes, moradora en Paços, e oyto voses pus ela çinco casas en Birin, primeiramente a adega que parte con Santa Maria et a casa das tinallas, que está junto con ela. Iten, a casa do fogo que se mete en medio. Outra casa de Pero Feijóo. Iten, outra que ela conprou a Lourenço Perez de Birin, que parte con outra de Roy d'Abades. Iten, vos aforo mays todas las erdades que lle demitú Tomé de Birin, que jasen su o signo de Santa María de Birin, o qual

todo lle aforo con entradas, etc. Que page a quinta parte; loytosa, XX mrs. Fará os ditos foros como andan en Paços. Que page de cada casa II mrs vellos por San Martiño de nobembro.

En este dia o dito bachiller aforou a Gonçaluo Afonso de San Miguel de Bidueyra, que he de terra de don Alvaro Peres de Castro, a Afonso Apariço, morador en Vilela, e a seu primo Johán Apariço, a todos tres, a sua granja de Muxoós, tirando a ilgesia con seu paço, con sua adega, por tal condiçõn que se veñan aly a morar e pagen de pan e liño, ligumia, o quinto, e de viño, sesta, ayrádego, loytosa; como he husado, por San Johán, cada un seu carneiro; do al, que o aja dismo a Deus .



Testemuyas: Frey Rodrigo, oveença; Esteban de Anes, abade de Tamagos; Gonçáluo Coadrado; Johán Apariço o vello.

Ano de mil e quatroçentos e quarenta oyto anos, a oyto días do mes doutubro, en Monterrey, o dito bachiller aforou a Diego Afonso, abade de Monterrey e oyto voses apús el, hua casa en Santa Vaya, atrás la Iglesia, que foy de Afonso Anes do brañedo de Castro, que parte con outra de Gonçáluo de Soutelo e con o baçelo do dito Gonçáluo de Soutelo. Iten, lle aforou outra geyra de terreo ao Porto do Rigueiro, que vay pera a Rasela e parte con a carreira e con o dito regueiro. Que a reparen etc. Pagen quinta da casa, çinco mrs vellos. Testemuyas: Johán Lela; Afonso,

criado do dito bachiller; Roy de Çimadevila o moço...

Ano sobre dito, a XXV dias de agosto, ena Fradaría, o señor don abade aforou a Diego Afonso, abade de Monterrey, a Roy Afonso de Çamora e a sua moller Costança Fernandes, a dose voses apús eles, conbén a saber, todas las erdades, viñas, cortiñas, que eles tragen a jur a mao, ena aldea de Birín, en seu término, e sete casas ena dita aldea, que parte hua delas con outro casarío de Lionor Vasques. A outra parte con outra de Pero Crespo. Iten, outra tena Johán , barveiro. Iten, a outra parte con outra que trage Afonso do Bouço. Iten, outra trage Alvaro Chato...Que reparen todo ben. Que dían quinta de todo pan,


ciño, legumia que Deus y der. Adusiredes  
por vosa custa á nosa tilla de Paços.

Das casas de cada hua, cada ano, por día  
de San Martiño de nobembre, tres mrs ve-  
llos. Obrigaron seus bees.

Testemuyas: frey Lopo, bachiller; frey  
Rodrigo, ovençal de Muxós; Gil Afonso;  
Afonso Suárez; outros.

A.H.O – Celanova – Memorial de foros  
de Monterrey, Pazos e Verín, fol. 92-93 – Sign. 377.

*(Demarcación de Pazos con Vilaza e Queizás, feita polo ovenzal de Muxoós con “carta de descomoyón” do bispo de Ourense)*



no de Naçemento do noso señor Ihesu Christo de mil e quatro çentos et çinquenta e un anos, a tres días do mes de Juyo, en día da Ascensión, estando dentro ena iglesia de San Fiins de Paaços, aa minsa do día, en presenza de min García Lourenzo, notario, et testigos de juso escriptos, frey Lopo, bachiller, ovençal de Muxoós, en nome do señor don Juan, abade do mosteiro de Çelanova, e prior e conuento do dito mosteiro, leo et pubricou hua carta descomoyón do señor obis-

po d'Ourense, sobre razón de çertas herdades et casas e viñas e términos que aa dita oveença perteesçian, segundo mais largamente se contém ena dita carta descomoyón, a qual dita carta asy presenta et liuda, logo primeiramente responderon aa dita carta estas personas que segen: primeiramente, Fernán d'Almança et Pedro de Queirogaás et Juan de Lobazes de Cabreiroaá et Alvaro Gomes de Tamageelos et Afonso Ledo, morador eno dito lugar de Paaços. Do qual diso logo o dito Pedro de Quirogaás, estando en este dito dia a cabo dos padrós que están en Bouyroaa et que agora que jasía hum deles en terra et que o que estaua alçado que tiña e ten hua crus do mosteiro de Çelanova, et outro, que está agora en terra, que tiña

hua coroa, et que se acordaua desde setenta anos a esta parte et moyto mais, que corría aly onde estauan os ditos marcos, que ya et se partya o término de Paaços, et destes ditos padroós que se ya dereito ao padrón da Veyga, et do padrón da Veyga que pasaua por Campo Cerdeyro, et vayse da outra parte ao monte do Ladayro, et de aly que se vay aos marcos de Queyçaás.

Iten, Juan de Lobazes respondeo aa dita carta et diso que oyra dezer a Pero Vellaco que él meesmo tragía hua viña aa Aspera et que o dito término de Çelanova que entraua dentro ena dita sua viña, et que o dito término que ya dereito por lo valado pera o padrón da Veyga, et do padrón da

Veyga que se ya por lo Refojo dereito aos Puugeiros de Maade, et de aly que pasaua ao monte do Ladayro, a outro marco que está daquel cabo do río et aacharlle an hua crus. Et esto he o que respondía aa dita carta e o que delo sabía. Et esto que se acordaua que andara en este dito término avería seteenta anos e moito mays, et que senpre vira estar eno dito lugar de Bouyroaá dous marcos, et que agora que jazía huun deles en terra et outro alçado, et que este marco que estaua alçado que tiña hua crus, et que este marco que estaua alçado que desde aly ya o término dereito ao padrón da Veyga, et desde aly que se ya dereito ao monte do Ladaayro, como dito he, et que asy o desía e respondía á dita carta.

Iten, Alvaro Gomes, morador en Tama-geelos, diso e respondeo aa dita carta des-comoyón que o dito término que ya por los ditos padrós de Boyroaá, et que suyan de seer dous padroós deereitos et ten hun deles hua crus et o outro, que jas en terra, soya destar dereito, et de aqueles marcos que se ya dereito o dito término ao padrón da Veyga, et de aqueles marcos que se ya dereito o dito término ao padrón da Veyga, et de aly vayse dereito ao monte do Ladaayro, á outro marco que está eno dito monte en hua peneda que tem hua crus, et de aly vayse aos marcos de Quiçaás, et deste que se acordaua des os engreses, et moyto mais, et delo diso que non sabía mais.



Iten, Fernán d'Almansa respondeo aa dita carta et diso que él fora et estaua presente quando fora Men de Ribeiro et Perna Falsa et que vira peegar et demarcar estes ditos términos de Paaços et que vira a Roy Fernandes, ouvençal que era aa saçon Paacos e4 de Muxoós, con estos sobre ditos, et que demarcaron este dito término por estes ditos marcos que están a Boyroaá, e que se ya dereito ao marco do padrón da Veyga, et do padrón da Veyga ao Refojo, et do Refojo que se ya dereito ao marco do Ladaayro, et do marco do Ladaayro que ya o dito término aos marcos de Quiçaás, et delo diso que non sabía máis.

Iten, Afonso Ledo, morador eno dito lugar de Paaços, diso et respondeo aa dita carta

o que os sobre ditos diseron et desposeron dos ditos marcos et de suas demarcaços, et se vieron logo dereitamente ao padrón da Veyga, et este dito Afonso Ledo i os sobre ditos diseron que Vasco d'Ourense et os de Vilaça que aquela herdade que entraua ao lagar da Aspera, que a mayor parte já súa eno término de Çelanova et tras seus marcos, et da dita herdade que labra o dito Vasco d'Ourense se vieron logo este dito Afonso Ledo i os sobre ditos et eu o dito notario ao padrón da Veyga, et do padrón da Veyga se vieron logo ao Refojo et aly demarcaron logo por Çelanova hua leyra que lura agora a muller de Roy de Çapeaos, et de aly demarcaron outra leyra que jas abaixo eno Couatro, que trage Joana Gonçales por de Çelanova, et ençima

demarcaron outro terreo que foy de Pedro Lourenço, notario, et jaze çerca do de Roy de Çapeaos, et de aly viéronse todos ajuntados dereitamente por la estrema dos marcos, como se ven á maa esquerda et vay sayr eno camiño dos Puygeiros, et jaze agora esta herdade et tarreos de pan, et do camiño demarcaron dereitamente aa costa do Ladayro, onde sé o outro marco, et de aly marcaron todos que se ven o término Anbas las Mestas, et de Anbas las Mestas vayse dereito aos marcos de Quiçaás. Et esto he o que diseron e responderon estas sobre ditas personas aa dita carta desco-moyón sobre rasón dos ditos términos. Testigos que estoueron presentes quando os sobre ditos peegaron os ditos términos e foron con eles a peegarla: Loys d'Almança

et Pedro Esteues de Quiçaás et Gonçaluo Reymonde e Gonçaluo Fernandes, neto de Fernán André, e Roy Fernandes de Paaços, fillo de Roy de Çima de Vila, et outros.

Et eu Garçía Lourenço, notario público da villa de Monte Rey et en seus términos et en Val de Laça por lo señor Juan d'Estuñiga, señor da dita vila, et en todas suas terras e señoríos et notario público por lo señor don Juan, abad do dito mosteiro de Çelanova enos ditos lugares de Paaços e de Berín, que a esto que dito he con as ditas personas de suso declaradas e con os ditos testigos foy peegar os ditos términos et demarcaços et herdades contiudas et declaradas et vay escriptos en estas quatro

follas de papel con ésta en que vay meu  
signo. Et aquí meu nome et signo fis em  
testemuyo de verdade, que es tal como éste  
– (signo)-García Lourenço, notario.

A.H.O. –Celanova. Carp.I.

*(Bees con que don Alvaro de Oca, abade do Mosteiro de Çelanova,  
dotou a Capela de Santa Catalina)*



sta he a capela que nos don Alvaro d'Oca, pola graça de Deus e de Santa Eigreja de Roma abbade do mosteiro de Çelanova, onde fizemos o altar de Sancta Kathalina, á cabo donde poseemos nosa sepultura e dotámosla de beens propios, que compramos por nosos diñeyros, a cal capela dotamos e deemos ao prior e convento do dito mosteiro de Çelanova, para que nos digan cada somana, en o dito altar de Sancta Cathalina, tres misas, hua o martes de Sancta Cathalina, e outra a ses-

ta feira, de Sancta Cruz, e outra ao sábad  
do da Virgeem María. E estos son os bees  
que nos compramos pera a dita capella  
aas personas que aquí están escriptas. Pri  
meiramente: Iten, o paaço das Lamas, con  
as herdades que lle pertecen, e o casal da  
Palida, con outras herdades que traje Roy  
Martines de Beer e Pero de Górgoa, con  
outras herdades qye jazem enas freyguesías  
de Sancta Xpna de Freijo e de Santiago de  
Morteyra e de San Gíao, de que dan do  
Paço, quinta das herdades e un boo touci  
ño e seis mrs de dereyturas, e do casal da  
Pallida, quinta parte e un boo touçiño e  
oyto mrs de dereyturas, e das outras her  
dades dan a quinta parte.

Iten, outros dous casares en Pardabreda

e en Berredo; de un dan sete fanegas de centeo e una de trigo, e do outro dan tres fanegas de centeo, e trágeo aforado Afonso Rodrigues, e media presentación da igrexa de Pardabedra, da qual dan seis mrs de padroazgo.

Iten outro casal en Aluos que trage Vasco Chamorro e sua muller, que se parte por medio con outro casal de Celanova, y así han de partir o pan por medio ena ayra.

Iten, outro casal eno couto da Veiga, que se chama Pegariña de que da o prior de Veiga quatro fanegas de centeo, que trage aforado. E estes ditos lugares todos compramos a Diego de Meriñ, escudeyro que Deus aja, todos por dízimo a Deus.



Iten, un lugar en Raynros, que ten hua casa e hua cabadura de viña e dous ou tres geyras de tarreo de lebar pan, e compramos este lugar a Fernán Paaz, que mora en Vilanoba, e él comprou a Roy Garçía, que mora en San Lourenço de Porqueyra, que o tiña por seo, de dízemo a Deus.

Iten, outro casal ena aldea de Coruelle, en terras de Vaande, que compramos a Giraldo de Coruelle, de que nos dan tres fanegas de çenteo e trinta mrs vellos en cada hun ano.

Iten, outro casal en Sordos de Vaande, que compramos a Durançã de Nugueyroá a ós herdeyros de Gonçaluo Rodrigues, Cabeça de Porro, e con outras herdades

que compramos a Señoriña, e de todos feçemos hun casal que aforamos a Roy Fernandes, fillo de Johán Fernádes de Sordos, de que nos ha de dar en cada hun ano des almudes de çenteo e dous de millo e trinta mrs vellos de dereyturas pera a dita capela.

Iten, hun casal de Cabreyroá eno bal de Monte Rey, con hua casa dentro ena vila de Monterrey, ena rúa da Carniçería, que compramos a Juana Gonçales de Paaços e teno aforado Lyonor Rodrigues de Touro e a de dar por o dito casal en cada huun ano seseenta mrs vellos en sua vida...E pera despoys, que torne a renda dél á dita capellanía. Iten, duas casas en Villanoba das Infantas, que compramos a Sancha

do Casal e tennas aforadas Gomes de Padrenda; hua das ditas casas compramos a Sancha Peres do Casal e outra a Juan Migués, e anbas están juntas e ten as costas eno muro da vila. E a de dar en cada hun ano, por véspera de Sancta Cathalina, pera viño e froyta, que ha de dar o que tober arrendada a dita capela á cantos bieren as vésperas, cando as diseren ena dita eyreja, ua ves de viño branco e outra de tinto á cantos y bieren, e o que tober arrendada a dita capela, que seja obrigado de dar o dito viño e froita, maças ou peras, aos monges que cantaren as vésperas e aos leigos que a elas bieren. E mays, que o que tober arrendada a dita capela que seja obrigado de dar de comer pan branco e biño boo e carne de carneyro e de marrao

ou pescado por cal dia for á todos los mon-  
ges, pequenos e grandes, que y estiveren  
eno refertoyro, en avastança. Outrosi, os  
ditos prior e monges son tiudos e obri-  
gados de cantar cada día un responso de  
finados ali onde está a sepultura do dito  
señor abbade por aqueles que o dito señor  
e tiudoe obrigado.

Iten, dotamos á dita capela os casares de  
Sanpayo, que compramos a dona Beatriz  
e Afonso de Lanços, os quaes son éstes.

Primeyramente, a medio casal de Afonso  
de Sandín, con seo moyño, e mais medeo  
casar de Roy Soneyro, con seu moyño, e  
outro medio casal de Figueyredo, e outro  
lugar do serralleyro Johán de Mourillós,

e outro de Macía da Lama, çapateiro, e outras herdades que jazen ena freyguesía de San Payo e de Santa María de Hansemill e de Mourillóns. Estar herdades foron todas do Temple.

Iten, hun casal que compramos a Vasco Núñez, que jaz ena aldea de Nogueyroó, en terra de Montes, de que nos han de dar cada un ano tres fanegas de çenteo e oyto mrs vellos de dereyturas, e trágeo aforado Fernando de Nogueyroó. Este lugar damos e dotamos ao thesouro deste mosteyro de Çelanoba, que o aja e colla e leue e renda dél e dia duas candeas para as misas que diseren ena dita capela de Sancta Catalina os ditos días martes e sesta feyra e sábado, para os monges que as dixeren e pera outros.

Iten, leixamos huas casas que compramos a Costança Veyga, muller de Nuno Alvares de Mugueymes, que deu licencia aa dita Costança Veya,sua muller, que está ena vila de Monterrey, ena rúa de Quyçaás, e sayem ena outra de Çima, pera que nos llas bendese. Estas ditas casas leyxamos ao abbade ou abbades que despoys de nos byren pera que pousen en ellas e façan dellas a sua voontade e teñan cargo de fazer aos monjes servir a dita capela, encargándolles en elo suas conçiencias, que se o ben fezeren, Deus destringa quen por eles faça,e, se o mal fezeren, Deus lles queyra perdoar...

Iten, hum pardieyro ena rúa de Queyças, que esta junto con a adega do mosteyro e

o corregemos de madeyra e de pedra e do  
que compría...

Iten, nos posemos des e seys capas de coro  
e cinco mantos e quatro albas gornidas d  
etodo o que lles cumpre.

Iten, posemos tres cálizes chaos e un do-  
urado, que ten cinco marcos e medio de  
prata.

Iten, posemos hua cruz de prata dourada  
que ten quarenta e dous marcos.

Iten, posemos quatro cotibaldos, dous de  
damasco blanco e dous de colorado.

Iten, posemos hun frontal de damasco  
blanco do altar mayor e outro de San Ro-

sendo, e outro frontal grande, con que cobren a tonba do Santo.

A.H.O. –Celanova – Carp. 1.



*(Estes son os casares e herdades que o mosteiro de Çelanova ten enos coutos e lugares de Matamá e de Monte Redondo e de Córgoa e de Quintela e de Forján e de Leyrado e de Rioboó, segundo que se contén eno tomo do dito mosteiro de Çelanova.)*



n Matamá ten o mosteyro çinco quasares de que an de dar a quinta parte e senllos porcos e senllos mrs e senllas galiñas e senllas teegas de çebada e loytosa. E toda a jurdiçión he do mosteiro de Çelanova. E dos montes que labraren an de dar sexta parte ao mosteiro.

En Monte Redondo ten o mosteiro quinze quasares et quada casar a de dar seys

quarteiros de pan e quatro teegas por quadril de porco e duas galiñas quada quasar e duas fugaças e un jantar ao abbade, quando él aly for comer, e asy montan XXV quarteiros e çinquenta galiñas e L.paans.

En Górgoa ten o mosteiro vinte e quatro casares que an de dar a quinta do que labraren en eles e an de dar de quada quasar dous soldos e medio de diñeyros leoneses, e montan todos LX soldos leoneses. E estes diñeyros son dos quasares, e fican os moyños, de que an de dar quada un çinquo soldos leoneses e una tega de pan, e an de dar de quada quasar una galiña e unha tega de çebada, e an de dar quabadays dos montes á vista do mordos

mo, e hos que non toveren galiñas han de dar senllos cobros de carne, yxente as dereyturas.

Do foro dos soutos deben dar por San Martiño XVI soldos e quatro cabritos, aqueles que os teen, e son os que moran ena granja. Do moyño do fondo dan XXI soldos, e do moyño de Roy Paaz dan dous soldos de leoneses e destes vinte e quatro quasares an de dar quada ano ao abbade vinte e quatro teegas de çevada e dous paas quada casar e senllas galiñas de arriba ditas ou senllos cobros de carne.

Das castañas, XXIII soldos da moeda da gerra, e an de dar un jantar ao abbade cada ano quando y for.

En Vilar de Ygligoa, a su Górgoa, ten o mosteiro quatro casares, segundo que os suya teer Pero Coenllo, e dan seu quabaldal e dez e seys soldos por dereyturas.

Enos Rubeyños ten o mosteiro tres casares de quarta do foro de Pedro Bugallo.

En Quintela ten o mosteiro o lugar da Bouza e outros tres casares e pagan seu quadabal deles de quarta deles de quinta, e dan por dereyturas cada un seys mrs de porco e nove soldos por quadril e XII soldos de fugaça e quada un duas galiñas e XX ovos; do lugar que foy de Pedro Chao XXX soldos de brancos, e da quasa que foy de María Moniz XII soldos de moeda branca. Do quasar das Quandayras,

XI soldos por Seoane e III soldos por San Rosendo, e asy an de dar todos dereyturas como dos outros quasares.

En Froján ten o mosteiro sete quasares e pagan seis cabedás e dan de quada casal viinte e queda un senllos porcos con senllos mrs e VIII soldos de quadril e quada un XII soldos de fugaça e duas galiñas e XX ovos quada un, e os soldos son da moeda branca, e do foro das castañas da setenta e dous soldos e a terça das quastañas que collen. Do souto de Miguel Yans dan seys soldos da moeda branca...

En Ríó de Moyños ten o mosteiro tres casares e tenos aforados María Señora en sua vida por seys moyos de pan en quada

un ano, e por quada un dez e seys soldos leoneses. Ay outro medio casal que foy de Diego Peres; dan dél a quarta e quatro soldos leoneses...

Et estes son hos dereytos dos jantares e padroádegos qe se achán en dito tombo, que son devidos ao mosteiro de Çelanova en quada un ano un boo touçiño e XXX pans brancos por los leoneses, e LX paas çenteos, e un sesteyro de viño por la medida vella e çinquo teegas de çevada por la medida vella e un cabrito ou un boo ley-tón ou un boo capón...

A.H.O –Celanova- Carp.1

*(Demanda de frey Johán Varela, prior de Ribeyra, por ante o bachiller Afonso Gonzalves, vicario do bispo de Ourense, contra Afonso Gomes, abade de Ganade, de que lle embargara e levara os dízemos do lugar de Quintas.)*

**S**no de mil e quatroçentos e çincoenta e quatro anos, sesta feyra, viinte dias de setembro, en çibdade d'Ourense, en presenza de min o notario e testigos juse escriptos et por ante o bachiller Afonso Gonçalves, coengo enas iglesias de Santiago e Ourense, vicario e ofiçal general por lo moy reverendo señor don frey Pedro de Silba, obispo d'Ourense e do consello de noso señor El Rey, á audiencia das véspe-

ras pareceron frey Johán Barela, prior de Ribeyra, de hua parte, e da outra Affonso Gomes, abade de Ganade, contra o qual o dito Affonso Gomes poso o dito prior sua demanda dezendo que como fose seu caseyro Affonso de Penín e labrador de suas erdades de Quintas, de que lle auía de dar dízemo e cabedal, en término e jurdiçión do seu mosteiro, e se fora o couto de Ganade, et o dito Afonso Gomes lle enbargara e lebara nobe fanegas e médea de çenteo, que lle cabían do dísemo e cabedal e llas non auía restetuydas, pedío a dito bigario que llas mandase restituyr con as custas dereitas que perdió e protestou con imploraçón de seu ofiçio, contra o qual respondeu o dito Affonso García que se lle algún pan lle enbargara e lebara que fora




por outro dízemos do casal do Barreyro que lle enbargaua o dito prior, o qual dito prior diso que estaba en posisión daquel dísemo de Barreyro, el e seus antecesores, de quarenta anos e mays. Sobre lo qual todo, o dito vigario, bistas suas contendas, diso que mandaba e mandou por sua sentença definitiva ao dito Afonso García que doje a nobe días primeiros segentes desenbargase e restituise o dito pan ao dito prior, con as custas dereitas, et pera o adeante poso silencio ao dito abade que llo non ocupase, reserbándolle se algún dereito auía contra o dito prior que o demandase e lle sería ministrada justiça. As partes consentiron. Testigos que foron presentes: Pero Vello, notario apostólico; Vaasco Peres, clérigo, capelán de Santo André de Campo redon-

do; Nuno, criado do dito vigario, e outros.  
Et eu Gómes Yanes, notario públicoda  
cibdade d'Ourense por lo dito señor bispo  
e sua igreja d'Ourense, a esto que dito he  
con os ditos testigos presentes foy e escriuí  
e aquí meu nome e signal fis en testimonio  
de verdade, que tal he (signo).

A.H.O. –Celanova – Carp.1

*(Posición do couto de rabal, dada ao mosteiro de Celanova por Pedro Fernandes de Pazos, alcalde da Santa Irmandado eno val de Celanova)*



no do nasçemento del  
noso señor Xhu Xpo  
de mill e quatroçentos  
e sesenta e sete anos, a  
dez días do mes de juyo  
do dito ano, estando eno couto de Rabaal,  
que he término e señorío do mosteiro de  
Çelanoua da orden de San Bedito e da  
diócese d'Ourense, en presencia de min  
notario e testigos infraescriptos, paresceu  
ende personalmente Garçía Fernandes,  
clérigo procurador que se mostró do reue-  
rendo señor don abbade de Çelanoua,

presentou una carta dos señores deputados da Santa Yrmandade, que estiveran ajuntados en Junta de Medina del Campo, que se fizera eno dito ano, ena qual se contiña que hos ditos señores rezeberan una petición feyta a modo de querela presentada por lo señor don Alvaro d'Oca, abbade do dito mosteiro, en como ho señor conde e condesa de Santa Marta lles avía tomado e ocupado por forza o dito couto do Rabaal e en como os ditos señores mandaron a hos alqualde ou alqualdes da dita Irmandade ouvesen verdadeira enformación, e sendo o dito couto de Rabaal do dito mosteiro de Çelanoua, que posesen a dito señor do0n abbade ou a seu procurador ena posysón do dito couto. E logo, en esta mesma ora, o dito García Fer-

nandes, procurador ajuso dito, requereu a Pero Fernandes de Paços, alqualde da dita Irmandade eno Val de Çelanova e en Soutomel, e en nome do dito señor abbad e do seu mosteiro0 de Çelanova o quisesse poer e poderar ena posysón do dito couto de Rabaal, e segundo que hos ditos señores deputados da dita Junta ho mandavan. E logo o dito Pero Ferrnandes de Paaços, alqualde sobredito, diso que ovedeçía ao mandamento dps ditos señores deputados e avendo en enformaçión verdadeyra en como o dito couto de Rabaal era e per-teçía de dereyto ao dito mosteyro de Çe-lanova e ao dito señor don abbade en seu nome, que poyña e apoderava e poso logo e apoderou ao dito Garçía Fernandes, procurador suso dito, ena posesión corpo-

ral, reyal e autual do dito couto de Rabaal con todos seus lugares e herdamentos, rancias e dereytos e dereyturas ao dito couto pertecentes, e que mandava e mandou da parte da Santa Yrmandade e del rey nro Señor don Enrrique aos moradores e vasallos do dito couto que non recodisen des oje este dito endeante ao dito señor conde nin condesa nin a outra persona algua con has rendas e señorío do dito couto, saluo a dito señor don abbade de Çelanova e ao dito mosteiro. E ho dito Garçía Fernandes, procurador suso dito, asy reçebo o dito couto e pedíu a min dito notario que llo dese asi signado e a hos presentes rogava que fosen delo testigos. Testigos que foron presentes: Alvaro de Sanguñedo e Juan Martin e Alvaro Vaqueiro, moradores eno dito couto, e Juan de Ramiraás e Fernán Fernandes, clérigo e

outros. E despoys desto, en este dito dia, mes e ano, eno lugar das Pereyras, que he ena freguesía de Santa María de Bobadela, o dito alqualde poso ena posisión do dito lugar das Pereyras ao dito Garçía Fernánides, procurador suso dito, en nome do dito señor don abbade de Çelanova. E o dito procurador asi o reçebeu e ho pedíu signado. Testigos que foron presentes: hos sobre ditos Juan de Ramiraás e Fernán Fernandes e Estebo de Someso e Estebo Ferreyro e outros.

A.H.O. – Celanova. Carp.I.

*(Testamento de Vasco de Puga, escudeiro, outorgado ena casa forte do Pambre, estando preso e ferido de morte.)*



no nome de Deus,  
amen, Padre e Fillo e  
Spiritu Santo, tres per-  
soas en hun soo Deus:  
Sabean quantos esta  
carta de manda e testamento viren: Como  
eu Vasco de Puga, escudeyro, teméndome  
da morte por que ey de pasar, e con todo  
meu syso e entendemento natural, qual á  
noso señor Deus proubo de me dar, faço  
e ordeno mía manda e testamento como  
despoys de meu pasamento non aja con-  
tenda ontre meus erdeyros sobre os meus  
bees. Primeiramente, mando a mía alma



a noso Señor Deus, que a comprou e remeu por lo seu santo sangue preçioso, e rogo e pido por merçede á Señora Santa María, sua madre que seja mía abogada á ora da morte e ao día do gran juízo e rogo a todos los santos e santas da gloria çestial de noso señor Ihesu Xpristo que rogen por min a noso señor Deus, que se amerçee da mía alma e aja dela piedade.

Iten, mando que as igllesias de Sagra e Bouteyro, que eu tiña e collera, que as leyxen e desenbarguen libremente Alvaro Lopez, clérigo delas, e que llas non ocupen nen enbargen meus erdeyris e que lle demanden perdón eno amor de Deus pera min. Iten, mando que a igllesia de San Justo que a leyxen e desenbargen a Gonçaluo

Fernández, clérigo dela, con todas las de-  
reyturas de gaados e colmeas que en elas  
están e demándenlle por Deus perdón  
pera min. E mando que a igllesia de Be-  
rredo que a leyxen a qual que clérigo que  
a quixer gaançar, e mando pera a obra  
da dita igllesia dous mil pares de brancas  
pera a repararen. Iten, mando que pagen  
dous boys a Gomes de Casardeyta, que  
lle truxo Fernán de Seoane, e se gaançou  
carta e scomoión, que garançen carta de  
absoliçón para que me absoluan. Iten,  
mando mays que pagen quatro boys que  
truxo Pancho e Pero Lameyro da Arnoya ,  
e que os pagen a cujos foren, e se gaança-  
ron carta de escomoión, que ajo carta de  
absoliçón. Iten, mando que pagen outro  
boy a Juan Feroso, que lle trouxo Juan

Cardeyro. Iten, mando que pagen outro boy a hun ome de Loboçan. Iten, mando que pagen outro boy a Romeu, que me él deu, que lle dese outro por el. Iten, mando que se alguas persoas vieren e feseren probança ou por seu juramento que eu lles tomey do seu alguús bees contra sua vontade e outra justiça, mando que llos pagen, e se algún bier e feses probança ou por sua verdade, que eu lle deuo algua cousa, mando que lle pagen por meus bees. E mando pera conprir esto que tomen de meus bees viinte mill pares de brancas pera os pagar e pera destrebuyr por mía alma. Et outrosy pido por merçede ao prior d'Oseyra que vaa ao abade de Çelanova e lle pida perdón pera min eno amor do Señor Ihesu Xpristo. E mando mays a meu fillo, so

pena de mía beeyçón, e aos outros meus parentes, que leyxen e desenbargen ao dito abade de Çelanova o Castelo de Sande e todas las outras cousas que eu tyña tomado ao dito abade contra sua voontade e lle pidan perdón pera min. Iten, mando que leyxen libremente o señorío da Reça e posesión que eu dél tyña ao abade de Melón, e mando ao dito meu fillo que llo leyxe, so pena de mía maldiçón, e demanden ao dito abade perdón eno amor de Ihesu Xpristo pera min. Iten, mando mays que leyxen ao fillo de Vasco de Puga, legítimo, a Pousa d´Asteris e de Bide, asy como está e o tragía seu padre, dísimo a Deus, e que lle non enbargen, e se él falesçer menor.